

IXP VACÚN DE GALICIA. No SLG dixemos NON á inclusión da raza azul belga dentro da IXP ▶ 9

FABA DE LOURENZÁ. Solicitamos á Xunta de Galicia que active con urxencia as medidas anunciadas para as persoas produtoras da faba de Lourenzá ▶ 11

LEITE. Campaña de visibilización da discriminación de Lactalis, CAPSA e Lence ás pequenas e medianas granxas galegas ▶ 5

ENTREVISTA CON GILLES FERT. É apicultor, leva máis de trinta anos criando e seleccionando abellas raíñas, participa en programas internacionais de formación en apicultura e conservación de abellas ▶ 10



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXV - Nº 352 - Marzo - Abril - 2025

DAR A VOLTA

Á GUERRA DE ARANCEIS

UNHA OPORTUNIDADE PARA FORMULAR POLÍTICAS QUE GARANTAN O ACCESO Á ALIMENTACIÓN



ZONAS VULNERÁBEIS

A CMR anunciou no mes de febreiro a intención de declarar zonas vulnerábeis por nitratos de orixe agraria varios concello galegos ▶ 8

POLÍTICA AGRARIA COMÚN

Esiximos que a ampliación motivada polos problemas técnicos non supoñan prexuízos para as labregas ▶ 4

ENCONTRO MULLERES

O Encontro da Secretaría das Mulleres reivindicou no Vello Cárcere de Lugo a importancia dos feminismos na defensa da terra ▶ 17-20

ENCONTRO MOCIDADE

Políticas públicas, dificultades para a incorporación da mocidade na actividade agraria e escolas labregas, eixos do Encontro ▶ 21-24

A ALIMENTACIÓN NON PODE SUPEDITARSE AO LUCRO DAS EMPRESAS ENERXÉTICAS:

DEMANDAMOS UN PLAN DE AUTOSUFICIENCIA

No Sindicato Labrego estamos sistematizando as perdas nas granxas galegas tras o apagamento do 28 de abril, animamos a recopilar e achegarnos a documentación pertinente ▶ 7

séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



A Consellería ausente

Esta será a terceira semana na que non terá lugar a poxa semanal de gando de Silleda, nun momento de prezos históricos nos animais de recría e en xeral no gando bovino. Os compradores de recrían non acoden ao mercado da Central Agropecuaria de Galicia en Silleda en protesta pola dixitalización obrigatoria que lles pretenden impoñer.

Os tratantes denuncian que as instalacións non están adaptadas para facer estas poxas, nin para facer lotes que permitan poxar por novecentos ou mil animais até as 10 da mañá, hora tope fixada pola Central. Sinalan que lles quedarían arredor de tres minutos por animal, tendo que, neste tempo, mirar o sexo, a raza, a conformación, facer a valoración e subila á aplicación, nuns teléfonos nos que moitas veces están a entrar diferentes chamadas.

Unha vez máis, intenta impoñerse unha dixitalización obrigatoria sen ter as condicións e, unha vez máis, as grandes dignificadas somos nós, as gandeiras e os gandeiros.

Algúns de nós tivemos que volver a traer os animais para a casa que non foron poxados e separalos do resto dos animais, seguir alimentándoos e mesmo poñer en perigo as condicións sanitarias das propias granxas. O Sindicato Labrego Galego pediu dende o primeiro momento a intervención ur-

xente da Consellería do Medio Rural para buscar unha solución a este problema. No momento no que pechamos esta edición do Fouce non temos constancia de que a Consellería fixese ningunha xestión ao respecto.

**Unha vez máis,
intenta impoñerse unha
dixitalización obrigatoria
sen ter as condicións
e, unha vez máis,
as grandes dignificadas
somos nós, as gandeiras
e os gandeiros**

Afondando nesta dinámica de non tratar os temas que nos afecta, a Consellería segue tamén sen pronunciarse en moitas cuestións e obrigas inminentes que temos nos próximos meses, como a entrada en vigor dos chamados SIGE.

**O Sindicato Labrego
Galego pediu dende
o primeiro momento
a intervención urxente
da Consellería do Medio
Rural para buscar unha
solución a este problema**

Trátase dunha serie de diagnósticos, burocracia, algunha feita por veterinarios, que temos que presentar a partir do mes de xuño, ou todo o que ten que ver coas normas de nutrición sostíbel dos solos agrarios.

O Ministerio ten unha proposta de modificación do actual Real Decreto 1051/2022 correspondente no que se indica varias excepcións. Por exemplo, non entraría en vigor a obriga de ter caderno de fertilización para as unidades menores de 50 hectáreas de secano, ou para aquelas granxas que teñan pastos que non se fertilicen. O resto de granxas teñen obriga de elaborar un plan de fertilización a partir do 1 de setembro de 2025.

En materia de fertilización tamén se atrasaría un ano a obriga de ter un asesor técnico, que pasaría de entrar en vigor en setembro de 2025 a entrar en setembro de 2026, un ano despois, nas zonas vulnerables; e en 2027 para o resto de zonas. Hai toda unha serie de excepcións a maiores, como na obriga de aplicar localizadamente os puríns, ou as que teñen que ver coa obriga de levar caderno dixital, pero a Consellería nin manifesta ter constancia sobre estas modificacións da normativa, nin semella que vai a aplicar estas excepcións como si está facendo a Consellería do Medio Rural de Andalucía.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez, Manolo Villaverde, Vera Cruz Montoto Vázquez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo
COLABORACIÓN
Gilles Fert, Samuel Formoso, Santi Rodríguez Cid, Bernardo Estévez, Isa Álvarez Vispo, Yexibeth Virginia Cadenas, Lidia Senra

PECHE DE EDICIÓN 9-5-2025
ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMONS Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERRAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edif. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

O Sindicato Labrego Galego participou en Bruxelas nunha conferencia co Comisario de Agricultura organizada pola CEVC



Os días 3 e 4 do mes de marzo, máis de 200 persoas agricultoras, académicas, responsábeis políticas e da sociedade civil reuníronse en Bruxelas como parte dunha Conferencia Internacional de Investigadoras e Investigadores e Agricultoras e Agricultores aberta polo comisario de Agricultura Christophe Hansen.

A gandeira e economista es-

pecializada na Política Agraria Común (PAC) Ana Rodríguez, interveu neste evento convocado baixo o título “Repensar a regulación de los mercados agrícolas para a transición agroecolóxica en Europa”.

Demandamos unha abordaxe en profundidade do Regulamento da Organización Común de Mercados (OCM) no marco da reforma da PAC.

A presenza descontrolada de rata toupa volveu poñer en alerta ás granxas da montaña luguesa

A arvícola terrestre, comunemente coñecida como “rata toupa”, volveu ser motivo de preocupación na provincia de Lugo a finais de febreiro, concretamente nas granxas na zona de Pedrafita. Varias gandeiras afectadas da montaña lucense trasladaron ao Sindicato Labrego Galego estragos tanto nas praderías como na herba ensilada, impactando fortemente na

viabilidade económica das mesmas ao implicar unha carestía dos custos de produción vinculados á alimentación do gando.

Esta situación non é nova, no ano 2020 a proliferación descontrolada deste herbívoro en municipios do sur e leste da provincia causou danos en case dúas mil hectáreas de terreo afectando a varios milleiros de leiras.

Presentan unha declaración por unha Lei de montes veciñais ao servizo da veciñanza comuneira e das maiorías sociais

O pasado 20 de marzo, a organización galega de comunidades de montes, arroupada por diversas organizacións sindicais, como o SLG, presentaron en Santiago de Compostela unha declaración conxunta por “Unha lei de montes veciñais ao servizo da veciñanza comuneira e das maiorías sociais do noso país”, e informaron do calendario da reunión cos partidos políticos e coa Federación Galega de municipios e provincias.

Unha declaración que, ao contrario da privatización que pretende a Consellaría do Medio Rural, esixe que a futura lei de montes veciñais debe reforzar o carácter xermánico destas terras e facilitar a súa posta en valor de xeito multifuncional e sustentábel.



O SLG, entre as organizacións europeas que denuncian á UE por agochar información sobre os proxectos mineiros declarados estratéxicos



230 organizacións enviaron unha carta o pasado 23 de abril á presidenta Metsola e aos Grupos Políticos no Parlamento Europeo solicitando que se lles permita exercer o seu dereito de acceder á información pública e ambiental. As políticas actuais sobre minerais críticos, lonxe de garantir unha transición ecolóxica xusta, afondan nas desigualdades sociais e territoriais existentes e poden aumentar a desafección cara ás políticas climáticas.

DEMANDAMOS UNHA MORATORIA INDEFINIDA PARA AS NOVAS PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO

O pasado 15 de abril tivo lugar unha rolda de prensa no Centro Social e Cultural Maruxa e Coralia, en Compostela, na que participou o Sindicato Labrego Galego, canda outras organizacións e colectivos. Á esquerda, de gris, o noso compañeiro Fran Xestal.



En febreiro de 2021 o Consello da Xunta decidiu regular con carácter temporal as novas plantacións de eucalipto nas zonas que naquela altura non se encontraban plantadas e permitir unicamente as repoboacións con esta especie naquelas parcelas nas que xa existían. O 2 de xullo daquel ano entraba en vigor a anunciada moratoria de 5 anos (até o 31 de decembro de 2025) encadrada dentro da primeira revisión do Plano Forestal da Galiza 2021-2040, que a maiores pretendía reducir nunhas 200.000 hectáreas, en 20 anos, a superficie plantada a eucalipto.

A realidade posta de manifesto polo Inventario Forestal Continuo da Galiza (IFCG), é que a superficie dedicada ao eucalipto na Galiza non

deixou de medrar: así tomando como referencia o Inventario Forestal Nacional (IFN IV) de 2011 comprobamos que se naquela altura había 370.000 hectáreas plantadas con eucalipto, no ano 2023 e de acordo co IFCG, había xa unhas 409.000 hectáreas.

A entrada en vigor da moratoria no seu último ano previsto, sofre dunha absoluta falta de transparencia, publicidade e coñecemento público das actuacións realizadas e plantacións ilegais eliminadas por parte da Consellería o que nos fai sospeitar e desconfiar dunha verdadeira acción real da Xunta para facer valer esta moratoria e para evitar máis plantacións de eucalipto.

A Escola dos Pobos chegou a Lugo para impulsar a loita por un mundo rural vivo



O pasado 7 de maio tivo lugar no CS Mádia Leva de Lugo a presentación da Escola dos Pobos 'Josefa Martín Luengo', un espazo formativo-experiencial que se está a desenvolver na localidade de Quecedo de Valdivielso (Burgos). Esta iniciativa popular está impulsada por Memoria Viva de los Pueblos, a Revista Soberanía Alimentaria, Biela y Tierra e a Universidade Rural do Cerrato, co apoio de máis de 50 organizacións a nivel estatal, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego.

Abondando no noso apoio a este proxecto, Andrés Rodríguez Sampedro, dinamizador do grupo de mocidade do SLG, debullou polo miúdo canda Pablo Simón, da Escola dos Pobos, os pasos a dar colectivamente para facer realidade este espazo rural de sabedoría popular, así como a proxección da súa acción de incidencia so-

cial no futuro. A Escola dos Pobos **ten dous obxectivos principais**: a formación de persoas promotoras de vida que favorezan a revitalización e defensa dos nosos territorios e a creación dun espazo de formación para o movemento social que sirva para fortalecer os lazos entre as contornas rurais e urbanas, así como o seu respecto e coñecemento mutuo, imprescindible para a supervivencia de ambas as partes.

Para o seu impulso lanzouse a través da plataforma goteo.org unha iniciativa de micromecenazgo para habilitar as súas instalacións a través da transformación dunha antiga casa solariega do século XVI neste espazo de formación, cultura e encontro, unha proposta que superou a primeira fase da campaña de financiamento colectivo co apoio de máis de 500 mecenanas, alcanzando os 56.786 €.

Esiximos que as ampliacións da PAC motivadas polos problemas técnicos non supoñan prexuízos para as labregas e os labregos

Ante a confirmación da ampliación do prazo de tramitación da Política Agraria Común até o 31 de maio, dende o SLG esiximos que a mesma non teña como consecuencia prexuízos directos para as persoas labregas, nomeadamente o atraso no pagamento das contías a percibir.


Dificultade para afrontar créditos que vencen a final de ano, imposibilidade de cubrir facturas ou de acometer melloras técnicas necesarias, son algúns dos problemas que se virían a engadir ás complicacións cotiás que suporían a demora no pago, agravando a vulnerabilidade económica das granxas galegas.

“Nin as persoas labregas nin as entidades tramitadoras pedimos nunca a dixitalización da tramitación da PAC. É máis, dende que comezamos con este sistema non deixamos de notificar erros e incidencias na aplicación informática, que depauperan a calidade do propio proceso de tramitación, limitan o tempo adicado ao asesoramento, xeran incerteza e preocupación entre as persoas solicitantes e un desgaste psicolóxico brutal para as persoas tramitadoras”, explicou Ana Rodríguez, gandeira de vacún experta en políticas agrarias e integrante da Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

Porque defendemos a riqueza da comarca da Ulla e a saúde das persoas que a habitamos: Non máis viñado industrial na Ulla! Stop ao proxecto de Martín Códax! Stop ao proxecto da Adega Altos de Torona!

A Asociación Defensa da Ulla Verde, o Sindicato Labrego Galego da Comarca da Ulla e a Plataforma Sí a un rural vivo unen forzas na loita contra a expansión do viñado industrial. Manifestamos o noso contundente rexeitamento ao **proxecto da Adega Martín Códax** de implantar novos viñedos **no Concello de Vedra**, concretamente nas parcelas “Revolta das Devesiñas” en Trobe, “Sarandón” en San Pedro de Sarandón e “Palo-mar e Almestro” na parroquia de Ponte Ulla.

Este proxecto, que afectaría a máis de 18,5 hectáreas, vén a agravar aínda máis todos os impactos do viñado industrial.



Martín Códax ten presentada solicitude de cambio de uso das parcelas e neste momento a proposta de avaliación de impacto ambiental simplificada vén de ser publicada e atópase en fase de exposición pública e

consulta.

Rexeitamos, igualmente, o **proxecto da Adega Altos de Torona, no Concello de Boqueixón**, que afectaría a Donas, Sucira, Codeso e Pousada. Trátase de 4,82 hectáreas máis de

viñado nunha zona xa profundamente desbastada polo viñado industrial. Denunciamos a nula información por parte das Administracións á veciñanza, o que fai que en moitos casos non se poidan presentar as alegacións pertinentes dentro dos prazos establecidos para a consulta pública. Unha avaliación de impacto ambiental sería non pode concluír que o efecto sobre a saúde humana sexa nulo.

Pola nosa parte, **poñeremos en marcha unha serie de asembleas** co obxectivo de informar dos proxectos e tamén para facilitar a presentación de alegacións ás persoas afectadas.

CONTRATOS DO LEITE ▶ Iniciamos campaña de visibilización da discriminación de Lactalis, CAPSA e Lence ás pequenas e medianas granxas

Como quedan os contratos de leite das tres industrias que máis recollen en Galiza?

31/03/25			
empresa	LACTALIS	CAPSA	LENCE
período	01/04-31-07	01/04-31/07	01/04-31/07
prezo base	41	42	41,5
calidades			
Graxa + 3,70	0,4		
Prote +3,201-3,501	0,3		
Graxa 3,7-3,8			0,3 milésima
>3,8			0,4 milésima
Proteína 3,10-3,20			0,3 milésima
Super A	0,5	0,5	
super AA	1,5	1,5	
25000-29000 xermes			0,1
190000-249000 células			0,1
<190000 células			0,5
			0,5
benestar			
Pastoreo-aceptable	1,1		
Pastoreo-bon	1,3-2,0		
Pastoreo-excelente	2,2		
por cada punto		0,01	
pastoreo		1	
Pastoreo +recaldi		1,5	
prima benestar animal			0,1
prima volume (miles)			
240-420	0,7		
420-600	1,5		
600-900	2,5		
900-1200	3,5		
1200-1800	4		
1800-2400	4,5		
2400-3300	5		
>3300	5,5		
240-600			1
600-1200			2
1200-1800			2,5
1800-2400			3
2400-3600			3,5
>3600			4
250-400		1	
400-600		2,3	
600-800		2,8	
800-1000		3,3	
1000-1500		4	
1500-2000		4,5	
>2000		5	
fidelidade			2,5



Información e datos:
Sindicato
Labrego Galego
Comisións
Labregas
(SLG-CCLL)



O pasado 21 de marzo informamos do envío de cartas ás industrias lácteas Lactalis, Capsa e Lence -as que máis leite recollen en Galiza, por esta orde-, trasladándolles a nosa preocupación, tanto polas ofertas por baixo da media estatal e europea que estaban chegando ás granxas, como pola utilización dunha estratexia comercial que impón, por leite de idénticas calidades, un prezo inferior para as pequenas e medianas granxas e un máis favorábel para as grandes explotacións.

Nestas comunicación solicitamos expresamente o cese deste agravio na retribución económica que afecta a arredor de 3.000 granxas galegas. Tendo en conta que Lactalis, Capsa e Lence persisten no seu trato depreciativo cara a practicamente a metade de granxas leiteiras do noso país, o Sindicato Labrego Galego iniciou o 4 de abril unha campaña de visibilización en redes sociais dirixida ás persoas consumidoras explicando esta situación a través da desagregación do prezo final pagado ás persoas gandeiras.

Todas as ganderías que producen menos de 240.000 litros/ano quedan fóra da prima por cantidades; na Galiza, o 48.60% das granxas de leite producen menos de 250.000 litros/ano. Ademais, aínda as máis grandes, coas primas, seguen por de baixo do prezo medio de Estado español e do prezo medio da UE-27.

“Lactalis e Capsa non aumentaron o prezo base, Río subiuno lixeiramente. A suba de prezos que se percibe no caso destas tres industrias produciuse fundamentalmente polo cambio das primas e, sobre todo, pola introdución dunha prima por cantidades”, explicou a gandeira e economista especializada en políticas agrarias Ana Rodríguez.

Prima por cantidades: unha estratexia comercial das empresas lácteas que acelera a industrialización alimentar e do medio rural

“A maior parte das persoas que producimos leite neste país asinamos con algunha destas tres industrias. O contrato é para catro meses: o 1 de agosto temos que asinar outro, así que o 1 de xuño temos que empezar coas novas ofertas. Estamos moi preocupadas pola posibilidade de que estas tres industrias insistan en privilexiar o modelo de grandes explotacións a través da prima de cantidade en detrimento do modelo familiar, que é o que realmente garante un medio rural vivo e medioambientalmente coidado e saudábel”, destacou.

Dende o Sindicato Labrego insistimos en que non existe ningún motivo obxectivo polo que as pequenas granxas que producen en Galiza cobren menos polo leite. É máis, en todo caso deberían ser especialmente remuneradas polo seu aporte á vertebración social, desenvolvemento económico e coidado ecosistémico das zonas nas que se ubican, apostando por máis granxas no territorio e non por un número limitado con moitos animais concentrados nuns poucos concellos da franxa central de Galiza, que é o que está pasando nestes momentos.

Prezos xustos para as nosas granxas

Solicitamos novamente polo tanto ás industrias Lactalis, CAPSA e Lence que poñan fin a esta agresiva estratexia comercial que afecta precisamente ás unidades produtivas máis vulnerábeis do elo máis feble da cadea láctea, ao tempo que demandamos un incremento de prezos a todas as granxas, acorde cos prezos medios estatais e europeos.

Se non hai melloras no actual contexto comercial, o Sindicato Labrego avanzará na realización dunha campaña informativa en superficies comerciais e con organizacións de consumidores e consumidoras que procure a complicidade e apoio destas ás pequenas e medianas granxas galegas.

EXEMPLO PRÁCTICO

Granxa de leite

- 230.000 litros/ano,
- Super A
- non cobra nin lle descontan por calidades,
- sen pastoreo
- sen prima de benestar

Lactalis:

41 (prezo base)
+ 1,5 super AA

= 42,5

Capsa:

42 (prezo base)
+1,5 super AA

= 43,5

Lence:

41,5 (prezo base)
+1,5 super AA
+2,5 (fidelidade)

=45,5

Granxa de leite

- 1.000000 litros/ano,
- Super A
- non cobra nin lle descontan por calidades,
- sen pastoreo
- sen prima de benestar

Lactalis:

41 (prezo base)
+ 1,5 (super AA)
+3,5 (cantidade)

= 46

Capsa:

42 (prezo base)
+1,5 (super AA)
+4,00 (cantidade)

= 47,5

Lence:

41,5 (prezo base)
+1,5 (super AA)
+2 (cantidade)
+2,5 (fidelidade)

= 47,5



QUE SUCEDE?

A maior parte das persoas que producimos leite asinamos con algunha destas tres industrias. O contrato é para catro meses: o 1 de agosto temos que asinar outro, o 1 de xuño temos que empezar coas novas ofertas. **Lactalis e Capsa non aumentaron o prezo base, Río subiuno lixeiramente.** A suba de prezos da que se fala, no caso destas tres industrias, produciuse polo cambio das primas e, sobre todo, pola introdución dunha prima por cantidades. As ganderías que producen menos de 240.000 litros ano quedan fora desta prima por cantidades. Neste país o 48.60% das granxas de leite producen menos de 250.000 litros ano. E aínda as máis grandes, coas primas, seguen por debaixo do prezo medio de Estado español e do prezo medio da UE-27.


Se non hai melloras no actual contexto comercial, o Sindicato Labrego Galego avanzará na realización dunha campaña informativa en superficies comerciais e con organizacións de consumidores e consumidoras que procure a complicidade e apoio destas ás pequenas e medianas granxas galegas

APAGAMENTO 28 ABRIL ▶ O autoabastecemento enerxético paliaría as eivas estruturais no rural galego e protexería o acceso da poboación á alimentación

A alimentación non pode supeditarse ao lucro das empresas enerxéticas: demandamos un plan de autosuficiencia

Estamos sistematizando as perdas nas granxas galegas, animamos a recopilar e achegarnos a documentación pertinente

*“Doíame o peito literalmente cando me acordo do día que quedamos ás escuras. Como era para unhas horas, en principio estabamos relativamente tranquilos, pero segundo foron pasando as horas isto foi cambiando radicalmente, pois quedamos ás escuras sen poder encontrar algo para poder muxir. As vaquiñas berraban segundo ía pasando o tempo: 8, 9, 10... E así até as 5 máis ou menos da mañá. Algo que non desexo que o viva nin o peor inimigo. **Perdemos de facer unha muxidura cunha perda de 400 litros ou algo máis.** Despois subiron as células somáticas [indicador de mastite ou doutro tipo de infeccións na ubre] e **houbo animais preñados de pouco tempo que perderon a cría.** Non sabería poñer prezo a todo iso vivido, pero entre as perdas económicas e a dor que pasaron os pobres animais e mais nós por non poder facer nada, a noite aínda foi máis negra ca nunca. **Alguén debería pagar por este dano**”.*



Esta vivencia, escrita polo noso afiliado Juan Carlos Villasenín da gandaría Santa Eufemia de Trazo, nas horas seguintes ao apagamento do pasado luns 28 de abril, concreta en boa medida a extrema preocupación que invadiu a meirande parte das gandarías galegas, empurradas dende hai décadas pola propia Xunta de Galicia cara a un modelo industrializado, absolutamente vulnerábel a calquera tipo de incidencia no subministro eléctrico -nada esporádicas no noso medio rural, por outra banda-.

Concretamente o sector lácteo galego foi un dos máis afectados, ao depender fortemente do abastecemento eléctrico para o seu día a día: tarefas imprescindíbeis como o muxido ou a conservación do leite non poden pospoñerse sen consecuencias económicas. Dende o Sindicato Labrego Galego estamos valorando accións de reclamación por estas perdas, polo que recomendamos ás granxas que compilen todos os elementos de proba das mesmas, así como de calquera outro danos sufrido, tales como facturas de alugueiro de equipos, reparacións de bens afectados, perdas no leite por malas calidades,

facturas veterinarias... Até o momento temos sistematizado as problemáticas que se especifican a continuación.

PROBLEMÁTICAS NAS GRANXAS GALEGAS

1. Unha parte das granxas **non dispoñen de xeradores e/ou de grupos electrógenos e o alugueiro dos mesmos foi moi complexo**, sobre todo en certas zonas, polo que algunhas non atoparon ningún sistema dispoñíbel. Algunhas persoas gandeiras percorreron Galiza de punta a punta para conseguir un sistema para poder muxir.
2. En moitas granxas **a calidade do leite tamén sufriu as consecuencias ao romperse o sistema de frío**, porque se tardou en encontrar unha solución ou porque o sistema alternativo que se tiña, ou que se deu conseguido, non cubría todas as necesidades da granxa.
3. En moitos casos **houbo problemas co subministro da auga**, que tamén depende da existencia de subministro eléctrico, o que intensificou o estrés nos animais e, por conseguinte, nas persoas gandeiras.
4. Estragos e persistencia de **problemas técnicos** nos aparatos electrónicos por mor do apagamento e a volta da tensión eléctrica.
5. E nos casos máis graves, **as granxas que non conseguiron muxir até o restablecemento do subministro eléctrico, e sen posibilidade de contactar telefonicamente cos servizos veterinarios**, tiveron e teñen **problemas de saúde dos animais, ademais da angustia persoal que provoca non poder atender aos animais que vemos que están sufrindo**.

A responsabilidade destas perdas non corresponde ás persoas que producimos alimentos, senón que foi derivado dun problema de abastecemento, que é responsabilidade das empresas de distribución de enerxía, unhas corporacións, por certo, que gozan de beneficios multimillonarios e que se impoñen no noso territorio con estratexias abusivas, referidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en múltiples sentenzas contra polígonos industriais eólicos, por exemplo.

Dende o Sindicato Labrego Galego instamos á Xunta de Galicia a asumir a súa responsabilidade como administración pública e traballar nunha valoración económica dos danos producidos, habilitando un procedemento sinxelo e áxil para a compensación dos mesmos. E é que o apagamento do luns 28 de abril tamén serviu para pór sobre a mesa o feito de que as granxas galegas xa estaban sendo vítimas de cortes de electricidade, unha desatención administrativa e permisividade cas empresas enerxéticas que levan décadas tentando paliar asumindo en solitario a compra de xeradores.

ZONAS VULNERÁBEIS ▶ A Consellería do Medio Rural anunciou no mes de febreiro a intención de declarar zonas vulnerábeis por nitratos de orixe agraria os concellos de Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Trasmiras, Sandiás, Sarreaus, Xunqueira de Ambía, Os Blancos, Rairiz de Veiga e A Porqueira. Melide, Santiso, Trazo, Tordoia, Moeche, San Sadurniño, Valdoviño, Zas, Abegondo, Oza-Cesuras, Carral e Cerceda. Vilanova de Arousa, Meis, Cambados e Ribadumia. Esta declaración debe oficializarse no mes de maio e explicamos as súas consecuencias na seguinte infografía:



PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Ten que elaboralos a **comunidade autónoma nun prazo de dous anos** a partir da designación inicial de zonas vulnerables para previr e reducir a contaminación causada por nitratos de orixe agrario.
Revísanse cada catro anos

MEDIDAS QUE TEÑEN QUE TER OS PROGRAMAS DE ACTUACIÓN: (ANEXO 2 DO RD 47/2022)

- Períodos nos que está **prohibida a aplicación de determinados fertilizantes**
- Determinación da **capacidade necesaria dos tanques de almacenamento de purín**
- **Limitación da aplicación de fertilizantes ao terreo**

As medidas sinaladas no programa de actuación deben evitar que a cantidade de esterco aplicada ao terreo cada ano, exceda das cantidades seguintes
(Anexo 3 RD 47/2022)

1. A **cantidade específica por hectárea** será como máximo a **cantidade de esterco que conteña 170 quilos/ano de nitróxeno**.
Durante o primeiro programa de actuación (catro primeiros anos) pode permitirse 210 quilos/ano de nitróxeno

ZONAS VULNERÁBEIS

OS PROGRAMAS DE ACTUACIÓN INCLUIRÁN AS MEDIDAS DOS CÓDIGOS DE BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS ADOPTADOS POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE DEBERÁN CONTER COMO MÍNIMO: (ANEXO 1 DO RD 47/2022)



1. Períodos nos que **non é conveniente a aplicación de fertilizantes**.
2. A aplicación de fertilizantes **en terreos escarpados e en pendente**
3. A aplicación de fertilizantes **en terreos hidromorfos, inundados, xeados ou cubertos de neve**
4. As condicións de aplicación **en terras próximas a cursos de auga**
5. A capacidade e **deseño dos tanques de almacenamento**, medidas para evitar escorrentías, tamén dos silos.
6. Os procedementos para a **aplicación de fertilizantes químicos e esterco**



O CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS TAMÉN PODE ABORDAR AS SEGUINTE CUESTIÓN:

1. A **xestión do uso da terra** en canto a sistemas de rotación de cultivos ou a proporción de superficie que se dedica a cultivos permanentes en relación cos cultivos anuais
2. O **mantemento durante períodos de chuvia dun manto mínimo de vexetación**
3. O **emprego de cultivos con alta demanda de nitróxeno**
4. O **establecemento de plans de abonado acordes coa situación de cada granxa e rexistros do uso de fertilizantes**
5. **Prevención da contaminación nos sistemas de regadío**
6. O **registro por parcelas** das zonas de aplicación de esterco, puríns etc
7. O **registro xeorreferenciado** dos sitios nos que se xeren os esterco ou puríns, cantidades xeradas, xestión dos mesmos, depósitos e balsas
8. O **registro de datos** sobre o contido de nitróxeno nos chans

IXP VACÚN DE GALICIA ▶ No último pleno da IXP debateuse se incluír ou non a raza azul belga dentro da marca. No Sindicato Labrego Galego dixemos NON

“O mesmo nome da marca sinala indicación xeográfica protexida, e que ten que ver o azul belga con Galiza?”

A comezos de abril tivo lugar o último pleno da IXP de Carne de Vacún de Galicia, en Santiago de Compostela. Samuel Formoso, vogal do Sindicato Labrego Galego na IXP, acudiu ao encontro. Cántanos que un dos debates que estivo sobre a mesa foi a idea de incorporar a raza de gando azul belga, orixinaria, como indica o nome, de Bélxica, dentro da IXP de Carne Vacún de Galicia.

“NOVAFRIGSA -COREN- estaban a favor, porque claro, teñen problemas para encher os cebadeiros de becerros e neste tempo estano intentando co azul belga”, afonda Formoso, “case monopolizan tanto o pleno como a comisión tentando que se aprobase unha modificación transitoria para incluír a raza”.

Que é unha modificación transitoria?

Unha modificación transitoria consiste en que, por dous ou tres anos -como sucedeu coa pandemia da COVID 19-, por causas de forza maior, neste caso “o tema dos prezos e todo o que está pasando co vacún ultimamente”, que por un período de tempo se autorizase incorporar o azul belga na IXP. “Nós opuxémonos tanto na comisión como no pleno”, sinala o noso representante. “Eles o que queren é ter quilos de carne. O outro día alguén dixo no pleno que se o debate é ter quilos de carne pois adiante co azul belga, pero que se o que queremos é ter carne de calidade, non pode estar dentro da marca”.

Con todo, no caso de proceder a incorporar a raza belga



“Nunha marca francesa ou belga incluíríase a rubia galega dentro dunha marca de calidade?”

dentro da IXP, a súa aprobación, segundo a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), tería que pasar por Europa, xa que ao tratarse dunha raza foránea é unha modificación complexa. “O outro día acordouse que, de momento, queda fóra”, subliña Samuel Formoso.

Por que o azul belga?

“COREN quedou soa defendendo o azul belga, outros representantes de cebadeiros dixeron que non lles interesaba moito polo prezo. Un azul belga

pasou de valer 250/300€ a 700€, entón preferían non metelo”, comenta. “Nos opuxémonos dende o principio a que non se incluíse ningunha outra raza. Eu dixen no pleno e na comisión que o mesmo nome da marca o indica, *indicación xeográfica protexida*, e que ten que ver o azul belga con Galiza? Nunha marca francesa ou belga incluíríase a rubia galega dentro dunha marca de calidade? Eles o que queren é industrializar e que a marca sexa un instrumento só para a industria”, de-

“Eles o que queren é industrializar e que a marca sexa un instrumento só para a industria”

nuncia o vogal do SLG.

Unha xustificación?

Se o azul belga é unha raza foránea, por que tanta teima en incluílo dentro da marca? Tal e como nos explicou Formoso, azul belga puro en Galiza non hai, o que hai é cruce con frisón. “No cruce con frisón poñíase moito rubio, despois limousin e agora azul belga”. A xustificación, segundo Samuel Formoso, é que se di que teñen mellor facilidade de parto e que os becerros acaban tendo unha gran conformación cárnica -non de calidade-, e que ganan días na xestación. “Son animais que nacen antes, entón nas macrogranxas que hai agora que teñen moitas vacas, se lles ganan nalgunha raza 16 días, son 16 días de muxir, e a 1000 litros son 16.000 litros! Esa é unha das explicacións do de engadir o azul belga”, sinala.

“A outra é a que a rubia galega está algo denigrada, está un pouco fóra de xogo, abandonárona totalmente. Antes púñase todo rubia, que seguen tendo máis valor que o azul belga, pero cada vez ponse menos no cruce industrial”, sentenciou.

Mercado e prezos actuais

“Hai por aí un *ruxeruxe* de que están baixando os prezos, pero eu creo que só é iso, un *ruxeruxe*. Non hai carne. Entón de momento seguimos igual. Haberá que agardar. Isto cambia de semana a semana. Pero o certo é que non hai gando, non hai becerros, houbo problemas co mosquito e coa lingua azul e algunhas vacas quedaron con secuelas”.

GILLES FERT ▶ Recoñecido internacionalmente pola súa traxectoria na recuperación de abellas raíña, leva máis de 30 anos criando e seleccionando raíñas, é autor de múltiples publicacións e participa en programas internacionais de formación en apicultura e conservación de abellas

“As abellas deron sentido á miña vida”

✓ Gilles, levas máis de 30 anos criando raíñas e participando en diversos programas internacionais de formación e desenvolvemento de apicultura. Cántanos, como chegaches ao mundo das abellas?

Cheguei ao mundo das abellas despois de traballar durante 6 meses nunha oficina de deseño. Como non soportaba estar nunha oficina, decidín cambiar de dirección. Como tiveron 3 colmeas desde que tiña 12 anos, decidín ir a Canadá onde aprendín a profesión de apicultor profesional.

✓ No libro *12 meses con mis colmenas. ¡La guía para cuidar de mis abejas y gestionar el colmenar todo el año!*, que escribiches xunto ao tamén apicultor Paul Fert, explícanos mes a mes os aspectos máis imprescindíbeis a ter en conta para o manexo e coidado das abellas. Cales son as principais diferenzas entre o inverno e o verán?

De feito, temos un traballo moi estacional. Vivimos marabillosamente ben en simbiose coas estacións. O traballo na primavera e verán é moi intenso, os días son moi atarefados, lembra que a apicultura profesional é unha profesión moi física. No outono é moito máis tranquilo, coa preparación das colonias para a invernada e a restauración do equipo no taller, e no inverno descanso, viaxes e formación continua con compañeiros.

✓ Seguro que ás lectoras e aos lectores do Fouce lles inte-



O pasado 12 de abril Gilles Fert impartiu a xornada de formación apícola 'Cría e selección de nais' no Auditorio Municipal Ilduara, en Celanova (Ourense).

resa moito o tema dos tratamentos e outras trampas, sobre todo pensado aquí na avésa asiática (velutina), que tanto dano fai ás nosas abellas. Que nos podes dicir sobre iso?

Dende hai 20 anos temos a Velutina no suroeste de Francia. Apenas estamos comezando a controlar case o impacto desta praga. Isto implica atrapar ao final do inverno, destruír os niños ao final do verán cando os avisamos, instalar arpas eléctricas, pero ás veces trasladamos as colmeas ás montañas onde non hai impacto.

✓ O 12 de abril estiveches en Celanova impartindo a formación apícola 'Cría e selección de nais' que organiza o SLG e COAG coa colaboración da asociación apícola Abellas Nais e o Concello de Celanova. Que é o fundamental que temos que ter en conta se queremos aprender a criar

reinas?

Temos que tentalo e vemos que isto non é moi complicado. É como unha receita de cociña, hai que seguir os diferentes pasos dun manual. É importante multiplicar as mellores colonias, tanto de raíñas como de machos de abellas.

✓ No teu libro *Cría de reinas*, analizas cada unha das etapas da cría. Brevemente, cales son esas etapas?

Seleccionar as mellores colonias para criar (raíñas e machos), preparar o material, cría de machos e raíñas virxes, organizar o colmenar e o equipo de fertilización, introducir estas raíñas novas seleccionadas en colmeas que non sexan satisfactorias.


✓ Que significan para ti as abellas? Cal é o seu papel no medio ambiente?

As abellas deron sentido á miña vida e son indispensábeis para

min. Tamén son esenciais para o noso medio ambiente, para a polinización e, polo tanto, para a nosa alimentación. Máis da metade do que comemos depende do seu traballo!

✓ Algunha outra cousa que queiras engadir?

Como dixeron, no inverno estou menos ocupado coas miñas abellas. Polo tanto, respondo ás solicitudes para desenvolver talleres de cría en todo o mundo, produción de xelea real e inseminación artificial de raíñas. O libro que mencionaches anteriormente foi traducido a 12 idiomas, polo que isto dá testemuño da importancia da cría de raíñas e as necesidades dos apicultores. Hai que ter en conta que unha colmea cunha raíña nova seleccionada pode producir o dobre e os enxames moito menos.



A actividade estivo organizada polo SLG e COAG, coa colaboración da asociación apícola Abellas Nais e o Concello de Celanova, e o financiamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).

Solicitamos á Xunta de Galicia que active de contado as medidas anunciadas para as produtoras e produtores de faba



O 14 de marzo a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, anunciou en Ribadeo, nun encontro con alcaldes e representantes municipais, unha batería de medidas para paliar as graves perdas da IXP Faba de Lourenzá na última colleita.

Entre as mesmas figuraban a concesión dunha axuda directa de *minimis* ás persoas produtoras inscritas na IXP que podería alcanzar os 2.000€/ha, así como a apertura, no mes de abril, dun instrumento financeiro para dotar de liquidez ás persoas agricultoras e gandeiras galegas en xeral e, de xeito específico, para as de Faba de Lourenzá, co fin de que puideran facer fronte á sementeira.

Logo deste anuncio e a súa correspondente difusión á través dos medios de comunicación, a Xunta de Galicia non activou absolutamente ningún procedemento para cumprir este compromiso. É dicir, estamos en maio e non hai convocatoria nin de axudas directas nin de instrumento financeiro. “Os anuncios que fixo a Consellería

para o mes de abril non se cumpriron e a xente está tendo que asumir agora absolutamente todos os gastos da nova plantación logo de ter perdido a práctica totalidade da última colleita. Xa temos constancia de que hai produtores que están a ter dificultades para afrontar os custos de produción e tiveron que devolver algún pedido, por exemplo de titores”, alertou a produtora de faba de Lourenzá e Secretaria Xeral do SLG-CCLL, Isabel Vilalba. “Esiximos á conselleira que active canto antes as medidas anunciadas, así como celeridade no desenvolvemento do traballo técnico preciso para axudar ás persoas produtoras nas enfermidades que afectan ao cultivo”.

Ademais, queremos reiterar a pertinencia de incluír nestas axudas directas á totalidade de produtoras e produtores de faba, dado que tal e como foron plantexadas inicialmente deixarían fóra á maioría das mesmas, ao estaren dirixidas unicamente ás 19 granxas inscritas na IXP.



COAG Asturias e o Sindicato Labrego poñen en marcha un grupo de traballo en busca de solucións para a crise da faba



Produtores e produtoras de faba de Asturias e de Galiza xuntámonos o pasado 7 de marzo na localidade de Navia, en Asturias, co obxecto de analizar a situación crítica pola que pasa o sector e acordar propostas para demandar ás Adminis-

tracións implicadas.

Deste encontro concluímos que na produción de ambas comunidades temos semellantes inquiredanzas e preocupacións e consideramos necesarias actuacións inmediatas e urxentes a desenvolver:

ACTUACIÓNS URXENTES A DESENVOLVER

1. Creación dunha liña de axudas directas dotadas dun importe suficiente para paliar as perdas nas que incorreu o sector na campaña 2024. Esta axuda debería chegar a todos os produtores e todas as produtoras, con independencia de estar ou non inscritas na IXP.

2. Creación dunha axuda agroambiental para a faba. En Asturias tense incrementado o importe da liña *Axuda á produción sostíbel de proteínas de orixe vexetal da PAC*, pero é requisito necesario ser produtor/a inscrito/a en IXP e cun compromiso de manter o cultivo da superficie dotada coa axuda durante cinco anos.

3. Que, debido á causa de forza maior como foi o fungo na colleita da faba, diminuindo nun 80% a produción, se flexibilicen os requisitos e compromisos dos mozos e das mozas incorporadas á actividade agraria no cultivo da faba nos anos 2022 e 2023.

4. Manter reunións de traballo co SERIDA e o CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo) co fin de que o sector produtor poida trasladar ao persoal investigador as necesidades respecto á semente, pragas que afectan ao cultivo e os produtos autorizados.

5. Que as Administracións reforcen a liña de axudas para a contratación de seguros das colleitas. Os seguros deben ser unha ferramenta complementaria.

6. En última instancia, esiximos que as Administracións se senten cos produtores e coas produtoras de cara a garantir o futuro do sector.

SECTOR VEXETAL ▶ O responsábel do Sector Vexetal no Sindicato Labrego, Santi Rodríguez Cid, cóntanos as últimas demandas e novidades do sector

“O que máis directamente nos afecta no día a día é o cambio climático”

“A xente que traballabamos en exterior é imposíbel programar nada e ter unha previsión polo clima”, sentencia o responsábel do Sector Vexetal no Sindicato Labrego Galego, Santi Rodríguez Cid. “O que máis directamente nos afecta no día a día é o cambio climático”, asegura, indicando que dende a Administración non se está a facer nada para remediar esta problemática. “Nin a nivel formativo nos preparan para isto, nin sacan axudas específicas, nin atenden as perdas do sector vexetal”.

“Nin a nivel formativo nos preparan para isto, nin sacan axudas específicas, nin atenden as perdas do sector vexetal”

Rodríguez Cid denuncia que dende a Xunta se está desatendendo o sector da horta, e que as perdas que levan tendo por mor das eivas temporais estanas asumindo as propias produtoras. “Non hai nada para o sector, incluso os seguros non están preparados para as producións pequenas que temos aquí no noso país”.

Doutra banda destaca, en vinculación coa venda directa, que falta aínda moito traballo para chegar ás consumidoras. “Falta moita concienciación das persoas. Aínda agora que os prezos das producións industriais están case ao mesmo prezo que as producións pequenas custa moito a venda directa. Hai unha cultura de supermercado aínda moi activa”.



Santi Rodríguez Cid, responsábel do Sector Vexetal no SLG.



PAC inexistente

“No caso da Política Agraria Común (PAC) segue adaptada completamente á superficie, e a superficie que temos aquí no noso territorio de pequenas producións non chegan a ese número de hectáreas que piden, é ridículo”, confesa. Ademais, o responsábel do Sector Vexetal do SLG resalta que os trámites para solicita son moi difíciles, e que logo as cuantías a recibir son mínimas. “Moitas veces a cuantía non compensa o traballo que dá”.

“Aínda agora que os prezos das producións industriais están case ao mesmo prezo que as producións pequenas custa moito a venda directa”

FORMACIÓN EN CAMIÑO PARA ESTE 2025

O pasado 10 de febreiro tivo lugar a xuntanza do Sector Vexetal do SLG en Vedra, onde visitamos o proxecto Burbullas de Sol de Miguel e Conchi. No anterior Fouce entrevistabamos a Belén Fervenza, vicesponsábel do sector. Nesa conversa contábamos que, entre outros aspectos, se acordara traballar no tema de ofrecer formación específica para as persoas produtoras.

“Os puntos máis importantes a desenvolver son a formación como sector, a forma de comunicarnos e reivindicar politicamente as pequenas granxas e os proxectos agroecolóxicos”, sinalou Belén Fervenza na edición do anterior Fouce. Agora Santi adiántanos en que liñas de formación específica se está a traballar:

“Haberá unha liña vinculada co tema da auga (de recollida, aproveitamento da auga, sistemas

de rego); outra sobre abonos verdes; outra sobre sementes, porque vai ser moi importante volver a conservar as sementes; e outra sobre o tema de pragas, isto está moi encamiñado”, nárranos.

Polo de agora non hai datas pechadas, pero estas actividades levaranse adiante ao longo deste 2025. Informaremos mediante o Fouce e o resto das nosas canles informativas sobre cada unha delas.

“Hai sector, a xente estase movendo”, afirma Santi Rodríguez Cid. “A nivel persoal gústame ver como se está movendo o sector. Cando alguén non pode estar dispoñíbel por algún motivo sempre hai alguén que si pode, grazas tamén ás compañeiras e compañeiros do Sindicato Labrego Galego”, subliña.

VITICULTURA ▶ A Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación da praga da flavescencia dourada da vide

A Flavescencia dourada da vide: síntomas, medidas e falta de prevención



O Consello da Xunta aprobou a comezos de abril o decreto polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación da praga da flavescencia dourada da vide. Esta norma establece medidas de prevención e loita, así como os deberes das persoas operadoras profesionais, titulares de parcelas de viñedo e profesionais para o seu control. “Trátase dunha enfermidade que transmite un pequeno insecto, o *Scaphoideus titanus*, que subiu dende Portugal polo Miño e agora está aquí como calquera insecto ou virus que hai no mundo”, explica Bernardo Estévez, viticultor e responsábel do Sector do Viño no Sindicato Labrego Galego. A Xunta de Galicia declarou a flavescencia dourada como unha enfermidade de cuarentena.

Síntomas e falta de prevención

Os síntomas nas plantas infectadas pola flavescencia dourada son: o atraso no agromado, mortalidade total ou parcial das cepas, ausencia de produción, coloración vermella ou amarela das follas, falta total de agostamento dos sarmentos ou sarmentos con porte desmaiado, dando á cepa un aspecto chorón. Os mellores meses para visualizar estes síntomas son entre finais de xullo e finais de agosto.

“Hai unha serie de consecuencias para as plantas. Unha vez que ese fitoplasma entra no zume a través da picadura, a planta ten problemas de vascularización, contáminas como se fosen as nosas veas, ten dificultade para alimentarse e morre”, sentencia Estévez.

“Quen tería que ter coordinando todo iso, que é a EVEGA, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia”

“Esta enfermidade vén de Francia, alí as zonas vitivinícolas están perfectamente demarcadas e o territorio está máis ordenado. Pero aquí fórmase un tratamento que é xeral para todas as Denominacións de Orixe e obrígase a todas as persoas a seguilo á vez que se desmontan as unidades de extensión agraria, que en Francia, Italia, Hungría, etc, son as que coordinan os tratamentos”, advirte. “Quen tería que ter coordinando todo iso, que é a EVEGA, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, pero está totalmente desmontada e sen técnicos, estana pechando”.

O responsábel do sector do viño do SLG insiste na importancia de artellar ferramentas preventivas para termos vides fortes e resistentes que eviten a infección deste virus e de calquera outro.

“Hai maneiras de evitar que isto: ter solos vivos para que haxa diversidade, para que haxa competencia entre eses insectos; o traballo en agricultura ecolóxica favorece que a planta teña a capacidade de mitigar a gravidade desa enfermidade; temos que buscar a capacidade como agricultoras e agricultores para coidar plantas fortes e sas contra o virus, porque elas son como un ser humano...a gripe está todos os anos aí, e algunhas persoas collémola e outras non... Somos todos seres vivos”. A seguir as medidas de control e erradicación establecidas na Resolución do 9 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Medidas obrigatorias en zona infectada

Para titulares de parcelas vitícolas:

- Eliminación e destrución, baixo control oficial, de todas as plantas de vide confirmadas como infestadas pola FD e todas as plantas sintomáticas da parcela, o antes posíbel e, a máis tardar, nos 20 días seguintes dende a notificación oficial.
- Aplicación de tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados en todas as plantas da parcela infestada de forma inmediata e, a máis tardar, nun prazo de 10 días dende a notificación.

Para operadores profesionais:

- Eliminación e/ou destrución, baixo control oficial, da planta confirmada positiva pola FD.
- Inmobilización oficial de todas as plantas de vide das instalacións ou parcelas, que serán analizadas por lotes. Só poderán ser comercializados os lotes de plantas con resultado negativo á FD ou que reciban un tratamento de termoterapia nunha instalación autorizada

Medidas obrigatorias en zona tampón

Para titulares de parcelas vitícolas e operadores profesionais:

- Vixiar as súas parcelas ou instalacións e comunicar ás autoridades competentes calquera sospeita ou confirmación da presenza da praga.
 - Aplicar tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados contra o insecto vector durante os períodos de voo (meses de verán).
- A Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web as indicacións para estes tratamentos.
- Os titulares de parcelas de viñedo que estean dentro da zona tampón da FD deberán eliminar e destruír as plantas sintomáticas á FD verificadas oficialmente.
 - As plantacións abandonadas dentro da zona tampón deberán ser arrincadas e destruídas.
 - Eliminación das plantas silvestres do xénero *Vitis* spp., *Ailanthus altissima*, *Alnus glutinosa* e *Clematis* sp., que estean a unha distancia inferior a 10 metros das parcelas de produción e instalacións de operadores profesionais de material vexetal de reprodución de *Vitis*.

Medidas obrigatorias para a circulación de material vexetal de vide

O material de plantación de vide deberá cumprir con algunha das seguintes condicións:

- 1) Proceder dunha zona libre de FD.
- 2) Proceder dunhas instalacións de produción controladas oficialmente.
- 3) Foran sometidas a un tratamento de termoterapia en instalacións autorizadas.

COLLEITA EN VERDE ▶ A CMR publicou a convocatoria sen dar resposta ás dúbidas trasladadas en marzo, malia contar coa información solicitada

Colleita en verde para a Ribeira Sacra: cero información, prazo limitado e non axustada á realidade

Os termos nos que se desenvolveu a súa tramitación non se corresponden cunha vontade real de apoiar ás viticultoras e viticultores

persoas viticultoras precisaban saber o importe que estaba previsto pagar por hectárea, cales ían ser os termos exactos da convocatoria e cal o procedemento para xustificar o acceso á mesma.

Estes datos xa obraban previamente en poder da Consellería, dado que se requiría o seu envío ao Ministerio de Agricultura para a propia solicitude por parte de Galiza da colleita en verde, pero nunca obtivemos resposta. O 9 de abril atopámonos coa publicación no DOG da Orde de 4 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á colleita en verde de viñado de Galiza e se convocan para o ano 2025.



Foto: Aldán Lareu.

No Sindicato Labrego Galego, a estas alturas, alén da indignación pola actitude despótica que vén condicionando a xestión da crise de excedentes nesta Denominación de Orixe por parte da Consellería do Medio Rural, sentimos unha fonda tristeza ao confirmar que no caso da Ribeira Sacra as actuacións propostas están feitas ás presas, sen entaboar comunicación co sector e, en definitiva, sen adaptarse á realidade. Esta maneira de proceder, que caracteriza as actuacións da Consellería dende o inicio desta crise hai xa practicamente un ano, provocan cada vez máis frustración e non axudan en absoluto a solucionar os problemas que temos. De feito, fan presaxiar o peor dos desenlaces: vai ser outro ano máis perdido para o viñado da zona e, polo tanto, para as persoas viticultoras que veñen de ter que afrontar as perdas derivadas da imposibilidade de vender -ou vender a prezos de miseria- a colleita do 2024.

O 10 de marzo o Sindicato Labrego Galego dirixiu un escrito á Consellería do Medio Rural (CMR), solicitando resposta a varias cuestións relacionadas coa solicitude de colleita en verde para a Ribeira Sacra. Como advertimos nese momento, para tomar decisións as

En primeiro termo, a convocatoria publicouse o 9 de abril e o prazo rematou o 25 de abril, cos días inhábiles da Semana Santa polo medio, e sen ningunha información previa ás produtoras nin ás entidades que xestionamos as solicitudes. Esta demora na publicación é inxustificábel, tendo en conta que xa se sabía dende hai meses que ía ter lugar. Se se debeu ao descoñecemento por parte da CMR con respecto ao proceso, ben podían ter preguntado noutras comunidades autónomas do Estado que levan varios anos tramitando a colleita en verde. Non entendemos porque se atrasou tanto no caso galego. Seguidamente, entre as cuestións que nos parecen moi graves e que reflicten o pouco coñecemento da realidade da que está facendo gala a Consellería, podemos destacar as seguintes:

1. Para acceder ás axudas da colleita en verde establécese que a parcela de viñado terá unicamente variedades de uva tinta. Con todo, **non temos os datos de cantas parcelas teñen só variedades de uva tinta**, e en moitos casos hai presenza residual de brancas -ou non tan residual-.
2. Tamén é preciso dispoñer da **declaración da colleita** da campaña vitícola. Pero se no ano 2024 houbo viticultores e viticultoras que malvenderon a uva a particulares ou quedou sen vendimar, descoñecemos que declaración de colleita van aportar.
3. A Orde establece que os datos para o cálculo da compensación pola perda de ingresos vanse extraer do “rendemento medio da parcela obxecto da axuda, considerando para o seu cálculo a media aritmética das tres derradeiras campañas vitícolas”. **Descoñecemos de onde pensa sacar a Consellería o rendemento medio da parcela**, e no caso de que sexan consideradas as **dúas últimas campañas, nas que xa houbo problemas de recollida de uvas por parte das adegas**, resulta obvio que os **importes a conceder non van aportar un apoio acorde cos impactos económicos que sufriu o sector produtor**, polo que dificilmente será unha medida que implique un reforzo tal que permita sobrevivir á denominada viticultura heroica nos termos nos que a coñecemos actualmente.

Temos a sensación de que esta convocatoria realízase para dar a impresión de que se está a facer “algo”, e non para tender verdadeiramente unha man ás viticultoras e viticultores. Ante este preocupante panorama, vémonos na obriga de instar á Xunta de Galicia a abandonar a súa negativa a manter unha interlocución co sector e condenamos a súa irresponsabilidade. Solicitamos, unha vez máis, a convocatoria dunha Mesa do Viño con representación dos axentes do sector, onde podamos elaborar un plan integral de actuación para o sector vitivinícola galego que aborde as necesidades máis inminentes pero tamén actuacións a longo prazo que permitan verdadeiramente protexer a esta Denominación de Orixe.

Sementa coidado, recolle saúde

**Campaña de concienciación sobre
os riscos asociados ao uso de
fitosanitarios e os riscos psicosociais
no sector agrogandeiro**

**CONTACTA
CO TEU LOCAL
DO SINDICATO
LABREGO GALEGO
DE REFERENCIA**



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas
dende 1973



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN**

No SLG seguimos dicindo “ALTRI NON”



O 22 de marzo o Sindicato Labrego Galego participou na mobilización convocada pola Plataforma en Defensa da Ría de Arousa en A Pobra do Caramiñal. Á esquerda, de negro, Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG.

“A nova da aprobación da declaración de impacto medioambiental (DIA) da macrocelulosa que as empresas Altri e Greenalia queren construír na Ulloa malia ao claro rexeitamento social e ás numerosas alertas lanzadas dende institucións como o Consello da Cultura Galega e infinidade de organizacións e colectivos sociais, como o Sindicato Labrego Galego, vén constatar o trato escuro e o carácter antidemocrático que arrodea a xestión deste proxecto dende o seu inicio”, así centrou a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, a decisión feita pública a mediados de marzo que confirmou a aposta por esta fábrica manifestada publicamente de xeito reiterado pola Xunta.

Ao mesmo tempo, constatamos que conclusións científicas como as recollidas no informe elaborado polo Consello da Cultura Galega, do que dende o Sin-

dicato Labrego Galego dimos conta pormenorizadamente durante a realización da última edición do Foro Labrego de Agroecoloxía -recentemente celebrado na comarca da Ulloa-, son desbotados pola administración galega malia contar con total lexitimidade técnica e amosar resultados contundentes na identificación dos prexuízos sociais, medioambientais e económicos que tería esta industria.

“Na liña de confirmar as nosas sospeitas con respecto ao exacerbado apoio da Xunta de Galicia a certo tipo de proxectos, como os macropolígonos eólicos, minas ou esta macrocelulosa, hai pouco tempo coñecemos a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que anula parte dun decreto da Xunta por privatizar de forma parcial os procedementos de avaliación ambiental”.

O SLG a prol da sanidade pública



Estivemos presente nas mobilizacións a prol da sanidade pública celebradas o 23 de marzo en Viveiro. Unha crecente preocupación vense estendendo entre as persoas que viven na comarca da Mariña ante a imposibilidade de ter garantida unha atención sanitaria solvente. A ausencia de médicos de familia e pediatras nos centros de saúde da comarca, a falta de médicos especialistas no hospital da Mariña, as dilatadas listas de agarda e as cada vez máis numerosas derivacións cara a Lugo están a provocar unha patente intranquilidade e angustia entre a veciñanza.

Sindicato Labrego Galego, Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non e Ecoloxistas en Acción Galiza, opóñense á reapertura da mina de Doade



Ecoloxistas en Acción Galiza, a Plataforma Mina Touro-O Pino Non e o Sindicato Labrego Galego manifestamos a nosa oposición á inclusión da mina de Doade (parroquia de Xirazga en Beariz, Ourense) na lista de “proxectos estratéxicos” da Comisión Europea -Regulamento de Materias Primas Fundamentais- para a extracción de minerais destinados a industrias do sector enerxético, tecnolóxico e armamentístico.

Sumámonos deste xeito ás voces de colectivos medioambientais e plataformas veciñais que alertan dos desproporcionados impactos que tería a rea-

pertura destas instalacións de extracción de litio, ao tempo que subscribimos a denuncia de escurantismo e falta de transparencia que arrodean esta decisión.

Facemos fincapé, asemade, na alerta dunha nova tentativa de priorizar o lucro económico de empresas extractivas, enerxéticas e tecnolóxicas por riba dos dereitos humanos e sociais, constituíndo ademais unha proposta con importantes prexuízos medioambientais que van no sentido oposto ás medidas de recuperación e conservación da natureza que esixe o desafío do cambio climático.

ASGADeD traslada o seu apoio á familia de Vilalba que solicita a instalación dun semáforo para garantir a seguridade do seu fillo con autismo

A Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade reiterou ás administracións públicas a necesidade de que exista un compromiso real pola súa parte á hora de activar todas as medidas posíbeis para garantir a igualdade no acceso e desfrute do espazo público e, nomeadamente, aquelas que constitúen “axustes razoábeis” segundo o *Documento guía para la comprensión y buena aplicación de los ajustes razonables como medida de igualdad de oportunidades y no discriminación de las personas con discapacidad*, aprobado o pasado mes de xuño polo Ministerio de Dereitos Sociais e Consumo.

Neste senso resulta paradigmático o caso dunha familia de Vilalba. Solicitan a instalación dun semáforo que permita que o seu fillo con autismo poda cruzar a rúa con seguridade, ademais de avanzar nunha cuestión tan importante para a súa autoestima e desenvolvemento como é ir acadando cada vez unha maior autonomía.



ENCONTRO MULLERES ▶ Destacamos o papel das mulleres galegas na historia social do noso país e puxemos en valor os nosos aportes como labregas

O XIX Encontro da Secretaría das Mulleres reivindicou a importancia dos Feminismos para defender a terra

As participantes no XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG sumáronse á manifestación do 8M celebrada en Lugo

Na mañá do 8 de marzo inauguramos o XIX Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), que tivo lugar até o 9 de marzo no Vello Cárcere da cidade de Lugo.

As gandeiras do SLG **Concha Blanco Montecelos** e **María Osorio**, canda **Ana Torrón** da Plataforma Feminista de Lugo e a responsábel da Secretaría das Mulleres **María Ferreiro**, deron a benvida ás participantes a esta cita anual definida por Ferreiro como un espazo de convivencia e traballo “esencial para a nosa organización”.

“Esta fin de semana é un tempo para compartir, estar xuntas e tratar temáticas que como mulleres labregas feministas nos afectan no noso día a día e ver tamén como traballamos como organización para defender as nosas reivindicacións na nosa vida diaria e como nos organizamos como labregas nunha organización mixta”, valorou.

Labregas e feminismo

Foi tamén a responsábel da Secretaría das Mulleres a encargada de abrir a primeira mesa, Mulleres labregas e feminismo: Representación e transformación das políticas públicas, centrando a súa intervención en explicar por que a Política Agra-



Imaxe conxunta das participantes no XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG dentro do Vello Cárcere de Lugo.

ria Común non ten en conta as mulleres labregas.

“A contribución das mulleres ao sector agrícola e gandeiro é fundamental en toda Galiza, malia a estarmos discriminadas no acceso a recursos públicos e ter que afrontar máis dificultades para acceder a postos de responsabilidade e decisión”, sostivo. “Temos un exemplo claro na Lei de Titularidade Compartida: cando se aprobou no 2011 calculábase que arredor de 55.000 mulleres de todo o Estado -30 ou 35.000 delas galegas- poderían acollerse a ela. A día de hoxe, no 2025, só hai 1.300 mulleres a nivel de todo o Estado”.

A continuación **Isabel Álvarez Vispo**, presidenta e responsábel de incidencia política da Rede internacional de agricultura sostida pola comunidade URGENCI, enlazou esta falta de perspectiva de xénero nas políticas públicas coa existencia de numerosas eivas na recollida de datos da actividade agraria, en moitas ocasións recolectados con metodoloxías que invisibilizan ás mulleres.

Puxo como exemplo as dificultades ás que se enfrontou para obter información primaria durante a elaboración do estudo *Participación política das mulleres labregas no Estado español*, nomeadamente erros metodolóxicos que invisibilizan ás mulleres nas granxas. Vispo destacou como un punto de partida importante para corrixir esta discriminación o feito de que as mulleres compartan con outras estas experiencias discriminatorias, rompendo a percepción de que son cuestións individuais.

Guillermina Fernández, investigadora no grupo Laboratorio e Territorio da USC, pechou esta primeira mesa afondando

no papel das persoas mozas que acceden a proxectos agrarios como relevo xeracional. Fernández achegou os resultados dunha investigación realizada entre 2022 e 2023. “Encontrámonos con que as persoas novas entrantes eran persoas que viñan doutros sectores [...] e que daban un pulo, pero ao mesmo tempo que traían esa bagaxe enfrontaban dificultades coa falta de práctica agraria ou de investimento, de acceso á vivenda, falta de coñecemento das dinámicas do rural etc [...]. Con esta investigación procuramos crear unhas guías de apoio para as persoas que se incorporan ao sector sen bagaxe agraria previa”, explicou.



María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG.



Labregas e memoria

Baixo o título 'As mulleres do rural "de onte": mobilizacións e memorias da historia do rural galego' encetamos a sesión de tarde cunha exposición e diálogo coa a historiadora **Ana Cabana**, que, na liña do sinalado por Vispo, destacou a dificultade coa que as persoas investigadoras se atopan cando queren elaborar traballos sobre as mulleres labregas, sobre todo nos arquivos históricos. "O que sabemos das mulleres é sempre nas voces doutros. É fundamental que garden por escrito a súa memoria [...]. Temos que ter en conta tamén que non hai unha muller rural, senón "mulleres rurais", precisamos visibilizalas. [...] Por exemplo a presenza das mulleres nos conflitos na Galiza quedou fóra da memoria social, pero si que estiveron. Unha das cousas que descubrín na historia da loita das mulleres na Galiza é a importancia de pór o

corpo, de protestar indo alí", explicou.

La Vía Campesina con Palestina

A Secretaria Xeral do SLG, a gandeira e produtora de faba de Lourenzá **Isabel Vilalba**, tomou a palabra para pechar esta última xornada achegando información da delegación do movemento labrego internacional La Vía Campesina que se desprazou do 8 ao 18 de decembro a Cisjordania (Palestina) e que contou coa participación de Dora Cabaleiro, integrante da Executiva Nacional do SLG.

Vilalba insistiu na denuncia da estratexia de asentamentos ilegais de colonos israelís en Palestina, abondando na apropiación de terras agrarias e a produción de alimentos do pobo palestino por parte do Estado de Israel. A Secretaria Xeral do SLG denunciou a complicidade dos gobernos occi-

dentais nas políticas xenocidas do Estado de Israel, resaltou a dignidade da loita pola autodeterminación do pobo palestino e animou a coñecer as distintas campañas de sensibilización que sinalan a información que permite identificar a orixe dos alimentos exportados polo Goberno israelí. "O Estado de Israel utiliza a fame como arma de guerra. [...] O boicot aos produtos israelís é unha ferramenta máis para amosar a nosa solidariedade co pobo palestino [...] As palestinas e os palestinos teñen recursos, pero fóronlle arrebatados".

pectos máis internos de autoorganización e traballo entre mulleres a fin de concretar as nosas demandas, colectivizalas e trasladalas aos distintos eidos correspondentes.

"A Secretaría nace como unha ferramenta das mulleres do Sindicato Labrego Galego. Ten tres bloques de traballo. Un ten que ver co que vai dende o individual ao colectivo, darnos conta da nosa realidade como mulleres labregas, que problemáticas temos no noso día a día, etc. Outro bloque é o relacionado con todo o vinculado cos dereitos profesionais como mulleres labregas; e outra terceira



Manifestación 8M

As participantes do Encontro acudimos á manifestación feminista coas compañeiras da Plataforma Feminista de Lugo. Na Praza de Santa María, **Isabel Vilalba Seivane**, gandeira e Secretaria Xeral do SLG, leu parte do manifesto canda **María Barba Núñez**, presidenta de Aliad Ulteira; e **Pilar Sánchez Monje**, traballadora da Rede Museística de Lugo e do museo do Pazo de Tor.

Labregas organizadas, labregas apoderadas

A xornada do domingo estivo centrada na posta en común de análises e experiencias que permitiron identificar as eivas existentes na transversalización da perspectiva de xénero nas políticas públicas, a través da dinámica 'Labregas organizadas, labregas apoderadas'. A actividade de peche virou cara os as-

pata é como nos organizamos e traballamos entre nós. Durante a mañá de hoxe traballamos esta última parte, ver como nos sentimos como mulleres labregas, que nos aportou participar na Secretaría das Mulleres e como se foron dando os pasos", afondou a responsábel da Secretaría das Mulleres, a gandeira **María Ferreiro**.

A continuación tivo lugar o tradicional intercambio de sementes entre as asistentes, un dos momentos máis emocionantes da fin de semana, e que nesta edición celebramos baixo a máxima 'Feminismo, a nosa semente de vencer'.

Logo do xantar despedimos este encontro anual da Secretaría das Mulleres, como é habitual, coñecendo unha granxa das nosas afiliadas, desta volta a de **Concha de Friol**, a gandería de leite ecolóxica e queixería tradicional **Casa Bértolo**.



ISA ÁLVAREZ VISPO ▶ Presidenta e responsábel de incidencia política da Rede internacional de agricultura sostida pola comunidade URGENCI e investigadora do estudo *Participación política das mulleres labregas no Estado español*, xunto a Lluís Benlloch Calvo de La Dula

“Unha frase que se repetía moito por elas cando presentamos o estudo foi: Que ben ter algo que verifique que non estou tola”

✓ **Isa, en breve imos para o vello Cárcere de Lugo, onde vas falar do estudo *Participación política das mulleres labregas no Estado español*, no marco do XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG. Como e cando nace?**

O estudo nace de CERES e de Mundubat. A pregunta marco foi poñer o foco en porque as mulleres labregas non participan ou participan. Fixémola entre Lluís Benlloch Calvo de La Dula, que é unha cooperativa valenciana, e mais eu. A investigación comezou en 2020.

✓ **E cando rematou?**

O que é a investigación fíxose ao longo de 2020 e comezos de 2021. Presentouse a finais de 2021, pero era plena pandemia, entón logo realizáronse presentacións de diferentes formas e tamén se fixeron presentacións institucionais. Foise a varias sedes parlamentarias: València, Aragón, La Rioja, etc. Este estudo entendeuse sobre todo como un documento de traballo para as organizacións. Aínda que o promoveu CERES participaron organizacións de todo o Estado.

✓ **Cales son as ramas do estudo? E as conclusións?**

O estudo observa varias perspectivas. Aquí hoxe viñemos a falar de políticas públicas, unha das patas do estudo. Cando vemos que non se participa, iso ten varias planas. Unha das conclusións é que non se pode mirar que pasa no institucional ou que pasa na participación se



Isa Álvarez durante a súa intervención no XIX Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG, que tivo lugar no vello Cárcere de Lugo a fin de semana do 8 e 9 de marzo, onde presentou o estudo e incidiu sobre todo no tema das políticas públicas. Ao ser carón: María Ferreiro (esquerda) e Guillermina Fernández

“Este estudo entendeuse sobre todo como un documento de traballo para as organizacións”

non miramos que pasa no ámbito privado ou no organizacional. Entón abarcamos esas tres patas. Falamos con mulleres labregas de todo o estado, técnicas das organizacións agrarias, administracións, etc. Analizamos non só o contido da política pública, senón tamén o material visual de como se representa ou non se representa ás mulleres tanto dende o institucional como dende o organizacional. A mirada foi moito cara ao organizacional, partindo da base de que é difícil transformar o mundo dende organizacións

que non son transformadoras. Aquí no Sindicato Labrego Galego non fai falta explicar isto porque está máis traballado, porque aquí está claro, pero noutros sitios non. Entón o que queríamos é sacar a foto de porque as labregas participan e porque non participan. Outras das conclusións que extraemos é que hai moita violencia tanto estrutural como intraorganizacional.

✓ **Algún exemplo práctico sobre esta última cuestión da violencia intraorganiza-**

cional?

Hai frases nalgunha entrevista, cito de memoria, como: “As mulleres nas organizacións somos o loro do pirata, somos o animal exótico que levan para repetir o que di o pirata e aparecer bonito”. Unha das conclusións foi esa.

✓ **Que outros aspectos identificastes?**

O tema da propia identidade. A pregunta de quen es e quen non es como produtora e cales son os criterios para definir quen é e quen non é. “Elas só fan os papeis” ou “non soben ao tractor”. Son frases que elas mesmas repiten. “Esta non é porque só fai os papeis, esta ten *titulitis*, está de titular para as axudas” etc. Nese senso, un dos aspectos que traballamos foi a perspectiva feminista. Que sostén realmente a produción? É dicir, toda esa parte reprodutiva. Ese señor que sobe ao tractor, se non leva a roupa limpa, se non almorzou, se non come todos os días... E todo iso por unha desigualdade non o fai el, na maioría dos casos. Fixemos o traballo de analizar quen entra nas estadísticas e nos datos e tamén unha construción persoal de cada unha até dicir “pois si, son”.

“Hai moita
violencia tanto
estrutural como
intraorganizacional”

Participación política de las mujeres campesinas en el Estado español

UN INFORME DE



Mundubat



CERES

CONFEDERACIÓN DE MUJERES DEL MUNDO RURAL



O estudo é de libre acceso a través da rede.
Podedes consultalo no seguinte código QR:

“A política pública non mira ás mulleres e moito menos ás mulleres que están en proxectos pequenos”

✓ Vas falar hoxe de política pública. Que se tratou sobre iso?

Revisamos os dezasete Plans de Desenvolvemento Rural das dezasete comunidades autónomas e algúns textos da PAC. Entón o que miramos foi tanto a linguaxe, como onde aparecían ou non aparecían as mulleres, as medidas que había e onde se situaban. Para moitas non hai cuadrículas, non encaixan en ningún bloque nin de axudas nin de nada. Non se dirixen a elas as políticas públicas porque son moi pequenas ou porque son moi maiores, non se adecúan á realidade das mulleres. Outro tema é que as leis de violencia de xénero non dialogan coas medidas de desenvol-

vemento rural. Se fas unha incorporación e unha titularidade compartida e piden estar 5 anos con ese proxecto e hai unha situación de violencia de xénero, que pasa? Cando comeza a contar? Ou unha lei de estranxeiría? Non hai diálogo nin vontade para que se dialogue. Detectamos que a política pública non mira ás mulleres e moito menos ás mulleres que están en proxectos pequenos.

✓ Logo da parte de investigación, que sucedeu con todos eses resultados?

O que foi moi interesante do estudo foi que non se quedou só no diagnóstico, senón que se fixo un plan de acción. A fortaleza é ter un plan de acción. Pro-

púxose un plan de acción que fixeron elas mesmas logo de contrastar co grupo motor, entre o que estaba María Ferreiro, responsábel das Mulleres do Sindicato Labrego Galego. O plan de acción abarca os tres ámbitos: o privado, o organizacional e as políticas públicas. Como un exercicio de coidado, o que fixemos foi pedirlle a elas que ordenaran todas as accións de menos probábeis a máis probábeis. A acción menos probábel está no ámbito organizacional e é xerar protocolos internos para violencias intraorganizacionais. A máis probábel está tamén no ámbito organizacional e é xerar dinámicas de *amadriñamento* para as novas que queiran entrar a participar. É dicir, ter unha madriña que levase tempo na organización é que fose a túa referente e te acompañase no proceso. Por que isto? Porque dependía delas.

✓ Que significou para ti facer este estudo?

Foi duro en xeral. En primeiro lugar, tocou a pandemia, tivemos que refacer todo. O proceso foi moi interesante pero duro porque as testemuñas eran bastante potentes en xeral, pero tiñan moitas ganas de participar e compartir. Por iso foi sinxelo nese senso, porque había moita vontade por parte de todas de que isto saíra. No momento de telo feito, cando fixe-

mos un encontro presencial para facer o plan de acción, tamén foi moi potente. Unha frase que se repetía moito por elas cando presentamos as conclusións do estudo foi: “Que ben ter algo que verifique que non estou tola”, é dicir, “que isto non me pasa só a min, que nos pasa a todas e é real”. As participantes dicíanos que ás veces fai falta que veña alguén de fóra para que nos deamos conta de que o que estamos vivindo é real. Esa frase repetiuse moito. Ao final foi moi satisfactorio e sentimos moito agradecemento.

✓ Analizamos xa o esqueleto do estudo do que falarás agora na túa intervención no vello Cárcere de Lugo. Que supón presentar un proxecto destas dimensións nun lugar como este?

Unha das cuestións que sacamos no estudo é todo o papel das violencias. Se hai un lugar físico que represente as violencias e o patriarcado é o cárcere. Ten un simbolismo brutal, pero tamén a forza de estalo reocupando, o feito de conseguir que sexa outra cousa. Nun momento no que custa manter as esperanzas isto é algo tan simbólico! Seguro que hai anos non se pensarían que no espazo houbera mulleres falando de feminismo e está pasando e é bonito. Estou impresionada, pero impresionada para ben.

Isa Álvarez canda María Ferreiro, responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG (á súa esquerda); Guillermina Fernández, investigadora no grupo Laboratorio e Territorio da USC (á súa dereita), e María Osorio, gandeira da montaña lucense María Osorio (na marxe esquerda).



ENCONTRO MOCIDADE ▶ Políticas públicas, dificultades para a incorporación da mocidade á actividade agraria e escolas labregas, eixos principais do Encontro

Encontro Nacional da Mocidade Labrega do Sindicato Labrego

Xuntámonos os días
15 e 16 de marzo
no Albergue de
Ecoturismo Alvarella
(Vilarmarior, A Coruña)

No Sindicato Labrego Galego temos a certeza de que para seguirmos avanzando na loita labrega por un medio rural vivo é imprescindible unha mocidade labrega mobilizada. Co obxectivo de traballar directamente nesta liña de dinamización labrega, na fin de semana do 15 e 16 de marzo celebramos o Encontro Nacional da Mocidade Labrega.

O albergue de ecoturismo Alvarella (Vilarmarior, A Coruña) acolleu esta cita sindical na que que artellamos colectivamente dous bloques de contidos: un centrado en políticas públicas, incorporación e dificultades da mocidade, e outro de presentación de escolas de formación labrega presentes en distintas latitudes.

Sábado 15 de marzo

Comezamos a xornada do sábado situando as dificultades que ten a mocidade para acceder a unha actividade agraria, concretando as preocupacións que teñen as labregas e labregos novos en relación ás actuais políticas públicas.

A gandeira da montaña lucense **María Osorio** interveu por vídeo para subliñar a necesidade de organizarse para termos un futuro sostíbel no rural galego: “temos que incidir no modelo que nos parece xusto e necesario, que é o modelo agroecolóxico”, sinalou Osorio. A seguir, o francés **Jean Mathieu**



Imaxe grupal das participantes no Encontro Nacional da Mocidade Labrega do SLG en Vilarmarior (A Coruña).

A ferramenta de incidencia política máis valiosa é, para nós, a nosa propia organización

Thevenot, da Confédération Paysanne, explicou cales son as dinámicas de organización da mocidade na Coordinadora Europea da Vía Campesina, organización da que o SLG-CCLL fai parte dende a súa creación, destacando que “La Vía Campesina é o maior movemento social do planeta”.

Posteriormente, **Nello Schisano**, da Fundación Mundubat, presentou o informe *Incorporación de mozos e mozas ao rural no Estado español. Relevo xeracional e novos perfís. Barreiras ás que se enfrontan e propostas*. “Durante as entrevistas os temas que máis encontramos foron os relativos á burocracia, ao acceso á terra, ao acceso ás axudas, ao acceso aos préstamos bancarios, á comercialización, á imaxe da persoa labrega e o acceso á formación”, afirmou Schisano.

Logo desta identificación, centramos o traballo en pór en valor ferramentas das que dispoñemos para salvar estas dificultades. A ferramenta de incidencia política máis valiosa é, para nós, a nosa propia organización, o Sindicato Labrego Galego, e así foi presentada polo apicultor e integrante da Executiva Nacional do SLG **Brais Álvarez**: “Temos que loitar por ter unha renda digna e prezos xustos polos nosos produtos. A xente nova temos moi difícil incorporarnos, pero tamén acceder á terra e á vivenda, aos servizos básicos (como pode ser médico e escola) e cultura no medio rural. Tamén loitamos para poder acceder ás persoas consumidoras, que vexan que hai moito máis que o Mercado”.

O traballo en base a alianzas é parte esencial da nosa estrate-

xia sindical, nesta clave afondamos en propostas que se están a desenvolver noutras partes do Estado, como Ruralidad, unha ferramenta dixital para impulsar o emprendemento agrícola sustentábel á que nos achegamos a través de **Nacho Maestre** de CERAI, que nos fixemos un repaso polas actividades que realizaron e afondamos na súa páxina web.

Dirk Madriles Helm falou-nos da Rede de espazos Test Agrarios. “Un espazo test agrario é un lugar onde damos a oportunidade a novos perfís non tradicionais para que se poñan a proba co obxectivo de aprender da mellor maneira posible, a través do error e do acerto, sen poñer en risco o capital económico. Isto dá a seguridade para que unha persoa nova poida probar o seu modelo produtivo e reformule a idea de proxecto, para que, cando saía do espazo test agrario e decida que quere dedicarse a ese proxecto, poida emprender con garantías de éxito”, sinalou.



A organización colectiva, un elemento fundamental para que haxa un relevo significativo

Escolas de formación política

Logo dun xantar con produtos agroecolóxicos, retomamos o encontro abordando a realización de Escolas de Formación Política como ferramenta para fortalecer a incidencia das organizacións labregas.

A secretaria xeral do SLG-CLL, a gandeira e produtora de faba de Lourenzá **Isabel Vilalba** Seivane, canda **Jeromo Aguado**, labrego xubilado e membro do Consello Editorial da Revista Soberanía Alimentaria, incidiron na necesidade destes espazos formativos para garantir un futuro sostíbel no rural.

“As escolas xorden no marco da educación e cunha pedagogía activa, onde se desenvolveron recuperaron o orgullo de ser labrego e labrega. Con elas recuperamos o slogan de que ser labrega e labrego é fermoso”, subliñou Aguado. “Moitas das persoas que se achegan ao medio rural non son conscientes da necesidade da comunidade, creo que a organización

colectiva é un elemento fundamental para que haxa un relevo significativo, canto menos é o que precisamos como sociedade”, exclamou Vilalba.

Conscientes da necesidade de que estas escolas sigan xermolando e facendo posíbel o cambio nas comunidades rurais, coñecemos polo miúdo a Escola de los Pueblos Josefa Martín Luengo (Burgos), presentada por **Pablo Simón**; a Escola de Acción Campesina, da que deu conta **David Gallar** (ISEC) e **Ester Rubio** (alumna da EAC); a Escola Baserritik Mundura (Euskal Herria), introducida por **Berta Málvarez**; o Instituto Agroecolóxico Latinoamericano María Cano (Colombia), que foi presentado por **Yexibeth Virginia Cadenas** de FENSUAGRO e a Escola Florestan Fernandes do Movemento Sen Terra (Brasil) da que falou **Vanessa Ribeiro de Souza**.

A xornada do sábado finalizou coa posta en común da sesión plenaria e unha cea compartida.

Domingo 16 de marzo

A quenda do domingo pola mañá estivo facilitada por **Atalaia SCG**. Dedicámola a establecer unha folla de ruta do traballo da mocidade labrega dentro do SLG para os vindeiros dous anos, así como ao deseño da nosa propia escola labrega, orientada a formarnos tanto en conceptos técnicos da agroecoloxía e da Soberanía Alimentaria



ria como en atopar ferramentas para entender mellor o mundo que nos rodea e as ameazas e solucións que podemos ter para levar adiante os nosos proxectos labregos.

Como non podía ser doutro xeito, este Encontro Nacional da Mocidade Labrega do SLG-CLL

concluíu cunha visita á unha granxa de afiliación da comarca. Desta volta visitamos a **Granxa da Lousada** (Irixoa), na que Dolores e Sergio teñen unha produción diversificada que abarca dende horta até xatos, cordeiros e porcos, todo baixo un modelo de produción agroecolóxico.

YEXIBETH VIRGINIA CADENAS ▶ Dende a Federación Nacional Sindical Unitaria Agropecuaria (FENSUAGRO-CUT) de Colombia, Yexibeth Virginia participou no Encontro Nacional da Mocidade Labrega do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas

“Damos a vida por defender o territorio”

✓ **Yexibeth Virginia, vés de participar no Encontro da Mocidade Labrega do Sindicato Labrego Galego, como foi a experiencia?**

Foi un espazo moi importante para poder compartir a nosa experiencia dos procesos formativos que estamos levando dende a organización campesiña FENSUAGRO, en Colombia. Estar aquí neste escenario é enriquecedor porque temos un mesmo obxectivo na formación político-técnica dende a agroecoloxía. Ademais foi moi interesante escoitar falar da educación popular tamén dende as experiencias que puideron compartir outros sindicatos do Estado español, da necesidade que teñen de ter unha Escola e facer un proceso formativo que sexa permanente. A verdade é que aprendemos moito. Non só vimos a traer a nosa experiencia e compartir con vós, senón que tamén nese compartir nós levamos cousas moi interesantes para seguir reflexionando. Creo que algo que está claro é que temos un mesmo obxectivo: estamos en contra do modelo económico implantado por este sistema capitalista. Sinto que foi un espazo moi esperanzador co obxectivo de seguir fortalecendo a Soberanía Alimentaria.

✓ **Tivestes varias reunións Vanessa Ribeiro de Souza, do Movimento Sem Terra (Brasil) e mais ti con diferentes produtoras galegas, con Eo Alimenta, con produtoras de faba, co alumnado do IES Plurilingüe San Rosendo da**

Mariña, etc. Que tal foron?

Estes encontros que facemos entre organizacións de ir a coñecer a experiencia concreta que se está desenvolvendo no tema produtor son fundamentais. Nós falamos da metodoloxía *de campesiño a campesiño* e dicimos que ir a visitar e ver como se está producindo son aulas de clase.

“Temos un mesmo obxectivo: estamos en contra do modelo económico implantado por este sistema capitalista”

Gustoume moito coñecer estas experiencias e saber que hai xente nova que está traballando a terra e coñecer a experiencia da compañeira María Osorio, por exemplo, que como muller produce, comercializa e tamén está ao coidado das crianzas, iso é de moito admirar porque é unha loita que nós levamos tamén en FENSUAGRO dende o feminismo campesiño e popular, onde se poida visibilizar o que fan as mulleres en todo o tema da Soberanía Alimentaria. É importante o papel que ten aquí a muller non só no campo, senón no coidado da vida. Todo o esforzo que se está facendo por coidar a natureza, porque somos parte dela.



Yexibeth Virginia Cadenas de FENSUAGRO no local nacional do SLG.

✓ **Hoxe mesmo tamén vos xuntaredes con colectivos implicados na loita social e na defensa da terra fronte a proxectos contra as persoas e o medio ambiente.**

O carácter de FENSUAGRO é agrario. Unha das súas principais liñas políticas está no tema da reforma agraria integral e popular. Estamos traballando con forza no tema de acceso á terra, ademais co goberno progresista que temos agora. FENSUAGRO apoia as reformas que se están querendo facer no país, porque de maneira lamentábel o Congreso non está deixando pasar estas reformas. FENSUAGRO loita polos dereitos das campesiñas e dos campesiños, e

dos dereitos humanos, e estase vendo afectado todo isto pola xente da dereita que está metida no Congreso e non deixan avanzar ningunha reforma. En Colombia unha das realidades do campesiñado é que non ten ningunha garantía, por exemplo de ter unha pensión, unha vellez digna. Por iso estamos traballando en apoiar estas reformas e traballando na construción de políticas públicas. Por ser FENSUAGRO unha organización sindical en defensa do territorio e dos bens naturais tivo moitas ameazas e persecucións. Todo iso xera moita morte. Creo que pasa en moitas partes: damos a vida por defender o territorio.



Yexibeth Virginia Cadenas con Vanessa Ribeiro de Souza, educadora social do Movimento Sem Terra (Brasil). Poderedes ler a súa entrevista no seguinte Fouce.

✓ **Estás aquí como representante da Federación Nacional Sindical Unitaria Agropecuaria, dende cando estás vinculada coa organización?**

Levo dez anos en FENSUAGRO. O Sindicato de Pequenos Agricultores de Cundinamarca é a miña organización de base. O meu departamento de traballo está en Cundinamarca e fago todo o vinculado coa formación, a produción e a comercialización a nivel nacional con FENSUAGRO.

✓ **“É fundamental a educación popular como proceso formativo propio e unha educación do campo e para o campo”, comentabas no Encontro. Podes afondar máis nesta cuestión?**

O sistema educativo está pensado para reproducir o modelo de agronegocio. Nós dicimos que ten que ser unha formación pertinente e dende as nosas realidade, porque o sistema educativo está afastado da realidade da *ruralidade*, por iso falamos dunha educación de nós para nós, do campo para o campo, e incluso dicimos que as Universidades teñen que estar no campo tamén, non só nas cidades. O sistema educativo está deseñado para facer que a xuventude migre á cidade porque alí é onde están as “supostas oportunidades”, “o campo non serve para nada”. Isto é un xogo: en mans de quen está a terra? A terra está en poucas mans, por

“En Colombia unha das realidades do campesiñado é que non ten ningunha garantía, por exemplo de ter unha pensión, unha vellez digna”

iso é un tema moi importante para FENSUAGRO o tema da reforma agraria. A terra é para quen a traballa, por iso nós falamos da educación do campo para o campo dende as nosas realidades e necesidades.

✓ **Cal é a maior aprendizaxe que levas desta visita?**

O tema do envellecemento do campo é unha problemática a nivel global. Aquí vin que hai unha preocupación en canto á necesidade de que a xuventude estea no campo, de que teñan o acceso á terra para a produción. Isto, xunto a necesidade que amosades pola formación, é algo que levo da experiencia.

✓ **Como ves o traballo que facemos no Sindicato Labrego?**

É un Sindicato que ten claro quen é o noso inimigo e que sistema de produción se quere, non só dende o eido produtivo senón tamén cun enfoque político. Está facendo un traballo moi importante articulado con diferentes compañeiras e compañeiros que están traballando

o campo. Eu vexo fundamental esas redes que se crean. Creo que é un traballo moi importante que se está facendo aquí que se visibiliza a produción local, a persoa consumidora, o que se produce aquí, co fin de garantir que o que se produce aquí se poida comercializar localmente. A min iso gústame moito porque é unha das cousa que traballamos en Colombia, o tema dos mercados campesiños, comercialización e produción. Iso é fundamental para fortalecer a economía campesiña. Podemos quedar só en discursos, falar da agroexoloxía, da Soberanía Alimentaria, pero senón hai accións concretas que impacten e xeren outro tipo de pensamento en canto ao que estamos consumindo non estaríamos facendo nada, e o SLG traballo todo iso, non só dende o teórico senón que fai unha práctica concreta. E o feito de querer facer unha Escola de formación permanente en canto á formación política e técnica é clave. É de moito admirar.

“Aquí vin que hai unha preocupación en canto á necesidade de que a xuventude estea no campo”



Yexibeth Virginia Cadenas e Vanessa Ribeiro de Souza partillaron espazo de xantar con colectivos implicados na loita social na defensa da nosa terra fronte a proxectos lesivos para a saúde das persoas e o medio ambiente, como as compañeiras e compañeiros da Plataforma Mina Touro-O Pino Non ou Altri Non.

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da


Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que imos amosando nos Fouces), correspondéndose o décimo ao dereito a participar.



ARTIGO 10: DEREITO A PARTICIPAR



OS ESTADOS DEBEN DEFENDER O DEREITO DAS LABREGAS E DOS LABREGOS A PARTICIPAR NA PREPARACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DE POLÍTICAS, PROGRAMAS E PROXECTOS QUE LLES AFECTEN

1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito a participar activa e libremente, sexa directamente ou a través das súas organizacións representativas, na preparación e aplicación das políticas, os programas e os proxectos que poidan afectar á súa vida, a súa terra e os seus medios de subsistencia.

2. Os estados promoverán a participación dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais, directamente ou a través das súas organizacións representativas, nos procesos de toma de decisións que poidan afectar á súa vida, á súa terra e aos seus medios de subsistencia, para o cal respectarán a fundación e o desenvolvemento de organizacións enérxicas e independentes de labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais e promoverán a súa participación na preparación e aplicación das normas en materia de seguridade alimentaria, traballo e medio ambiente que poidan concernirles.

ARANCEIS ▶ No SLG rexeitamos a utilización da alimentación como ferramenta de presión entre lobbies económicos a nivel internacional

Dar a volta á guerra de aranceis: unha oportunidade para formular políticas

Esiximos políticas orientadas á garantir a Soberanía Alimentaria dos pobos en base a un modelo agroecolóxico de produción

A actual “guerra de aranceis” entre áreas comerciais a nivel internacional está a pór en evidencia que, como vimos alertando dende hai décadas dende organizacións como La Vía Campesina -da que o SLG fai parte-, a orientación da produción alimentaria en base a mercados globais é totalmente errada se o que verdadeiramente se pretende é fornecer alimentos sans para as persoas e o medio ambiente.

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas advirte unha vez máis da urxencia de reformular as actuais políticas que rexen a produción e distribución da alimentación encamiñándoas cara a garantía de abastecemento de alimentos sans e nutritivos á poboación.

A exacerbada dependencia do subministro alimentario de factores incontrolábeis vinculados ás controversias xeopolíticas, o capital especulativo ou o quecemento global fai que o sistema produtivo a grande escala sexa estruturalmente vulnerábel, ao tempo que depredador de recursos naturais enerxéticos, requiridos para a produción, para o desprazamento, conservación e comercialización de alimentos a milleiros de quilómetros de onde van ser consumidos, sustentándose, ademais, en grandes monocultivos que xa teñen provocado unha preocupante perda de biodiversidade a nivel mundial.



Inseguridade alimentaria

Pouco antes da actual ameaza estadounidense, a crise do Coronavirus ou a guerra en Ucraína visibilizaron claramente as fragilidades da agroindustrialización neoliberal do sistema alimentario. Esta situación de debilidade está directamente relacionada co impulso de políticas que alentan as grandes producións industriais dependentes de insumos de fóra.

Dende o SLG instamos a reflexionar sobre a pertinencia de darlle unha nova lectura ao actual convulso escenario comercial apostando por reorientar as producións aos mercados internos, abandonando estratexias de liberalización internacional como os acordos que a UE está a negociar con algúns países do MERCOSUR ou con países como Indonesia, nos que a alimentación é empregada como moeda de cambio de outros intereses económicos.

“A nivel galego, pero tamén estatal e europeo, é unha absoluta irresponsabilidade non garantir o abastecemento de

“A nivel galego, pero tamén estatal e europeo, é unha absoluta irresponsabilidade non garantir o abastecemento de alimentos á poboación”

alimentos á poboación, que é un pilar básico”, advirte a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba.

“O Sindicato Labrego, tanto a nivel galego como internacional a través da Vía Campesina levamos décadas demandando políticas que garantan algo tan esencial como é a soberanía alimentaria dos pobos en base a un modelo de produción agroecolóxico. Os actuais acontecementos non fan máis que darnos a razón, visibilizando como a aposta dos gobernos neoliberais polo agronegocio e intereses especulativos está a pór nunha situación de inseguridade alimentaria a unha importante parte do conxunto da poboación”.

A instrumentalización esta-

dounidense dos aranceis constata que a falta de protección da produción agrícola e gandeira favorece que unha ferramenta ideada inicialmente para o equilibrio dos sistemas alimentarios autóctonos -protexendo a produción interna fronte ao dumping- poidan ser distorsionados e utilizados como unha arma de presión entre distintos grupos económicos.

O futuro do planeta

Denunciamos que a liberalización das políticas agroalimentarias e a súa orientación ao mercado global utilizan como reféns tanto ás persoas produtoras como ás consumidoras, hipotecando ao mesmo tempo o propio futuro medioambiental do planeta.

Esiximos limitar o financiamento público ás grandes corporacións, porque os pequenos e medianos sempre son os máis prexudicados e son estes os que teñen que ser prioritarios economicamente. Así mesmo, hai que investir en reforzar os mercados de proximidade.

E para as grandes corporacións, que teñen moitas máis posibilidades comerciais, aplicar fundamentalmente políticas de desintensificación, química e de consumo de auga, entre outros, para mellorar os alimentos que eles producen ou comercializan.

Se algo debemos aprender deste penúltimo episodio de inestabilidade comercial no marco do capitalismo neoliberal é que urxe desenvolver políticas que protexan a produción de alimentos, dirixidas ao fin primordial de garantir o seu subministro en lugar de estar supeditadas a lobbies económicos máis aló do alimentario.

Aranceis e viñedo

por Lidia Senra

Sindicato Labrego da comarca da Ulla e veciña de Vedra

O anuncio do Presidente dos Estados Unidos de aplicar aranceis ás exportacións da Unión Europea, pon de manifesto a enorme barbaridade que supón a deriva das políticas agrarias, tanto da Unión Europea como dos propios estados, dando prioridade ás exportacións. A reforma da Política Agraria Europea do 1994 marcou o inicio das políticas de desregulación, tanto no eido da produción como dos mercados e, foi neste contexto, no que a redución e desmantelamento dos aranceis para favorecer o negocio agroexportador, deixou á agricultura labrega totalmente desprotegida e na mans dos intereses especulativos do agronegocio exportador e da gran distribución.

“A agricultura en mans das labregas e dos labregos foi e está sendo sacrificada no altar do libre comercio baixo as regras das Organización Mundial do Comercio”

A agricultura en mans das labregas e dos labregos foi e está sendo sacrificada no altar do libre comercio baixo as regras das Organización Mundial do Comercio, organización creada en 1994 como instrumento ao servizo das multinacionais. **Así a produción de alimentos de calidade local son substituídos por materia prima barata producida onde as condicións de explotación da man de obra e as lexislacións en materia ambiental lle resulte máis beneficioso.** Por outro lado, pon de manifesto tamén a fragilidade á que somete aos produtores e produtoras, que se ven afectados e afectadas por decisións tomadas en calquera parte do mundo, pasou cando a Unión Europea estableceu as sancións contra Rusia e pasa agora coa decisión dos Estados Unidos de aplicar aranceis.

As políticas agrarias e alimentares orientadas cara á exportación non consisten só en achaiar as condicións para que estes produtos agrarios producidos con *dumping* social, económico e medioambiental inunden os mercados en calquera parte do mundo, desprazando o produto do país e desmantelando os seus mercados locais e de proximidade, senón que tamén **poñen en risco a Soberanía e seguridade alimentaria dos países.** Estas políticas consisten tamén en establecer mecanismos que permitan abrir todas as portas e dar todas as facilidades para que grandes empresas accedan á terra e poñan en marcha producións industriais que ameazan a vida e a saúde das poboacións que aínda habitan no medio rural e tamén a súa capacidade de autosuficiencia alimentar e de exercer o seu dereito á Soberanía Alimentar.

Aquí na nosa comarca da Ulla, e alentadas polo interese en producir grandes cantidades para a exportación de viño albariño amparado pola D.O Rías Baixas, chegaron hai uns dez anos grandes adegas que, unhas mediante alugueiros e outras mediante compras, fixéronse con centos de hectáreas de terras agrícolas e de montes que están sendo transformados en grandes extensións de viñedo que van no camiño de convertérense en monocultivo. Todo isto facilitado cos nosos cartos mediante as fortes subvencións que reciben estas adegas por diferentes vías, entre elas a de reconversión do viñedo. **A desfeita ambiental e paisaxística é xa hoxe unha evidencia.**

A tala de bosque, os movementos de terras, viñedos que chegan ás beiras do río Ulla, todo isto coas facilidades que lle dá a Consellería do Medio Rural autorizando o cambio de uso dos montes e sen ningún tipo de control nin de inspección por parte da Xunta nin da maioría dos Concellos que tamén se converteron en entusiastas colaboradores do negocio do viñedo. A isto hai que engadirle agora o

risco pola utilización de herbicidas, pesticidas, adubos químicos e lodos que contaminan as augas, o aire e os cultivos agrícolas do contorno co conseguinte impacto na saúde das persoas. Pois agora resulta que un dos produtos afectados polos aranceis vai ser o viño. Sinalar que segundo datos da D.O Rías Baixas, **as exportacións na campaña 2023/2024 (do 31/08/23 ao 1/09/24) supuxeron o 30% do total das vendas das adegas acollidas á mesma.** Cómpre recordar tamén que contan con axudas públicas “para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de terceiros países”. Na medida en que non sexan capaces de vender o excedente que producen para xogar no mercado internacional, **van inundar os mercados internos con eles, desprazando as pequenas e medianas adegas o que provocará tamén a caída de prezos nos viños.** Este feito, xunto coa súa capacidade de autoabastecemento, suporá igualmente unha forte caída do prezo das uvas e incluso que moitos viticultores e viticultoras non teñan a quen venderllas. **A situación que vivimos na vendima do 2024 na Ribeira Sacra pode verse amplificada e estendida por todas as D.O.**

Veremos tamén como en canto empece a quedar viño nas adegas sen vender empezarán a pedir axudas para a retirada do mercado, e novamente os gobernos cos nosos cartos decidiran “salvar” a estes grandes agronegocios. **Debemos opoñernos a que as administracións públicas sigan enterrando cartos en beneficio destes negocios.** Xa bastante diñeiro público levan percibido. O diñeiro público deberá ser utilizado para apoiar ás pequenas adegas e ás adegas de colleiteiro ou colleiteira e tamén aos pequenos e medianos viticultores e viticultoras, fomentando prácticas de cultivo que permitan manter a diversidade de producións agrícolas do contorno e que sexan compatíbeis coa saúde das persoas e co medio.

“O diñeiro público deberá ser utilizado para apoiar ás pequenas adegas e ás adegas de colleiteiro ou colleiteira e tamén aos pequenos e medianos viticultores e viticultoras”

As administracións públicas, a Xunta de Galicia, o goberno do Estado e os concellos afectados **deberán poñer en marcha todas as actuacións necesarias para paralizar de forma contundente as plantacións que aínda están pendentes e ningunha nova autorización debe ser concedida.** E hora xa de establecer políticas públicas de control dos excedentes empezando por pechar o mercado interno a produción xerada para a exportación e retirada de todo tipo de axudas públicas a estas grandes adegas. Cómpre implementar instrumentos para limitar a produción e o establecemento de prezos que cubran os custes de produción para a viticultura en mans labregas.

Cómpre dotarse das medidas necesarias (tamén arancelarias) para protexer aos produtores e produtoras internos das importacións por debaixo dos custes de produción. Sacar a agricultura e a alimentación da OMC é cada vez máis imprescindible. Actuar no eido de establecer as medidas necesarias para que estas grandes adegas, revertan as desfeitas provocadas en termos de paisaxe e medio ambiente, así como todas as que sexan precisas para impedir a contaminación das augas, do aire e do solo con pesticidas, herbicidas e adubos e tamén impedir a especulación coas terras que adquiriron e que, non sexan nin o erario público, nin as poboacións afectadas as que teñan que apandar cos custes e as consecuencias destas nefastas actuacións.

RITA ▶ A “Rede de Impulso á Pequena Transformación Alimentaria”, que conta co apoio da Fundación Daniel e Nina Carasso, realizou as primeiras visitas técnicas a propostas cooperativas que elaboran produtos cárnicos locais e sostíbeis - ambiental, social e economicamente -.

Iniciativas colectivas de transformación cárnica: todo un exemplo de innovación a pequena escalación

O equipo que promove a “Rede de Impulso á Pequena Transformación Alimentaria”, xunto a un nutrido grupo de gandeiros e gandeiras, persoas vinculadas a desenvolvemento rural ou administracións locais e profesionais do sector, visitaron o 25 e 26 de marzo dous centros de transformación cárnica, de carácter colectivo, que representan unha innovación á hora de favorecer a substitución xeracional no sector gandeiro, mellorar a súa viabilidade, promover un desenvolvemento rural sostíbel e favorecer o acceso da poboación a alimentos sostíbeis e de calidade. Belardi, en Urduña (Bizkaia) e a cooperativa Kalaska, na comarca navarra de Sakana, foron as iniciativas escollidas.

Precisamente, a falta de infraestruturas adaptadas á gandería extensiva a pequena escala e a escaseza de canles de venda directas, levou a asociacións de desenvolvemento local, xunto ás de gandería extensiva locais, a impulsar estas iniciativas colectivas como son pequenos matadoiros, salas de despece e de procesado. Tal e como se mostrou nas visitas coa RITA, son proxectos especializados que fan posíbel poñer en valor a produción local, conectar cun consumo de proximidade á vez que revitalizar o territorio onde se sitúan.

Belardi e Kalaska

O aumento de custos para as ganderías, a centralización de servizos en grandes empresas agroalimentarias e, con iso, a perda de empregos no medio rural, son suficientes dificulta-



des que, nos casos de Belardi e Kalaska, converteron nunha oportunidade para revitalizar o tecido social das localidades onde se sitúan. Estas iniciativas colectivas innovadoras, aínda incipientes pero con perspectivas de ser resilientes, é o que a RITA quere visibilizar.

O primeiro día de visita foi xunto á Asociación Bedarbide, que reúne a máis de 30 ganderías extensivas, gran parte ecolóxicas, de Urduña e comarca. Bedarbide é a impulsora do centro de transformación cárnica **Belardi**, inaugurado en setembro de 2024, e composto por un matadoiro multiespecie flexibilizado, sala de despece, obradoiro de cárnicos, cociña de 5ª gama, punto de venda directo á cidadanía e sala de formación. Actualmente, realizan sacrificios dous días á semana, o resto elaboran, teñen contratadas a tres persoas neste espazo de transformación e contan con usuarios de todos os puntos de Euskadi e mesmo, até de Castela e León. En definitiva, o centro Belardi está a crear oportunidades para as futuras xeracións así como fortalecendo a contorna rural onde se sitúa.

En canto á segunda visita, o grupo da RITA desprazouse até a comarca de Sakana, en Nava-

rra, para visitar a cooperativa **Kalaska**. Esta iniciativa colectiva comezou a tecerse en 2018 por un grupo de persoas produtoras xunto á Asociación de Desenvolvemento Rural da comarca, que identificaron a necesidade de poñer en valor as súas producións de carne, en concreto, de vacún, ovino e cabalar.

Kalaska consolidouse, en 2023, como unha cooperativa público-comunitaria de servizos (matanza, despece e elaborados), sen ánimo de lucro, que xestiona o matadoiro e o obradoiro e ofrece venda directa de produtos locais e sostíbeis a consumidores e carnicerías da zona. Actualmente está formada por 7 ganderías socias (6 na comarca e un Espazo Test Agrario na veciña Sierra de Andía) e aspira a seguir consolidando proxectos gandeiros a pequena escala, revalorizando os seus produtos, mellorando a súa rendibilidade e con iso, ofrecendo a oportunidade a mozas e persoas emprendedoras, a iniciar novos proxectos de transformación alimentaria na súa comarca.

Ambos os exemplos representan a iniciativas innovadoras de transformación cárnica a pequena escala que permiten a

venda directa e de proximidade de alimentos saudábeis e sostíbeis, a prezos xustos e que, ademais, inflúen positivamente no emprego e, por tanto, no desenvolvemento rural.

RITA

A **Rede de Impulso á Pequena Transformación Alimentaria** quere favorecer o desenvolvemento profesional, cultural e económico de iniciativas ligadas á transformación de materias primas producidas nas propias granxas ou leiras e a súa comercialización, ben sexa directa ou a través de canles curtas. **ARCA (Associació d'Iniciatives Rurals i Marítimes de Catalunya), Germinando, Extremadura Alimenta, Sindicato Labrego Galego, SEAE (Sociedad Española de Agricultura Ecológica y Agroecología) e o Instituto de Sociología y Estudios Campesinos - Grupo PAIDI SEJ 179 da Universidade de Córdoba** son as entidades impulsoras desta Rede. Conta co apoio e acompañamento da **Fundación Daniel e Nina Carasso a través do seu eixo Alimentación Sostíbel**, contribuíndo á transformación da sociedade cara a un modelo máis ecolóxico e inclusivo e un desenvolvemento en plenitude.



O que estou a dicir cando digo «Altri non»

Dende que se soubo que a multinacional portuguesa Altri e a galega Greenalia escolleran o concello de Palas de Rei para construír a fábrica de celulosa soluble máis grande de Europa, miles de persoas rebeláronse contra un proxecto que ameaza non só a comarca da Ulloa, senón o conxunto da nosa terra. Especialistas de diversas disciplinas científicas están a advertir sobre os efectos catastróficos que esta actividade industrial tería en ámbitos como a economía, a saúde ou o medio ambiente. Mais, até agora, ninguén se parou a analizar o magma que ferve na enxurrada de indignación que está a per-

correr Galiza enteira. Isto quizais se deba a que ese pulo é tan persoal e de cadaquén que nunca se poderá elevar á categoría de verdade universal nin servirá para soste argumentos obxectivos.

Agora, co presente ensaio, Xosé de Cea, escritor con raíces palenses e meliado de padrón, aborda a problemática dende unha perspectiva radicalmente emocional e subxectiva. Para facelo, tira de memoria, andainas, lecturas, sentimentos e intuición coa arela de tecer unha trama de reflexións arredor do que supón este novo despropósito empresarial para un habitante da Terra do Medio,

ademais de tentar as actitudes que cómpre esgrimir para enfrontalo.



O autor, Xosé de Cea

Recensión de
Edicións Laiovento

Fai a sopa de letras!

N D H D W Z R Z Q G Z N V Y G Z M M
T Q F C T G L G F O Y M R U W I N I
G G V M K O L S K S E M E N T A R N
I N N B O O K P M Z T C T C K O X A
F J V H K H S X Q H L O S Q X R Y T
N B V L S H T U H Z W U O C T I K O
V X T F E A R U N Z T Z P Y E W Q U
R G A E K Z Z Z L L P I P S M J V R
P O A E R Q T I V F K A X X Z I B O
T L I F X R E D H J R B Z O B P G -
V J R Q X M I O T I U H C Y O K I O
K F O K I X P T E V E D R E V G P P
I M N T U R G D O O T M B D E Q E I
J M E W J B R I D R U A C A K V X N
W L C P V E X F F E I S W S G T W O
Q A P W C W W F V L H O W X O Q R N
U O D L H O J I J O K Q A A Q I U O
I Z U G M P G G X P N B L T C N R N

ENCONTRA OS TERMOS:

- | | |
|--------------------------|---------------|
| 1. CENORIA | 4. TERRITORIO |
| 2. VERDE | 5. SEMENTAR |
| 3. MINA TOURO-O PINO NON | 6. CERDEIRA |

Atopaches?
No seguinte Fouce desvelaremos
as respostas!


Completa o encrucillado

Vertical


- Acción e efecto de apagar ou apagarse.
- Tarifa que se paga polos dereitos de importación nunha aduana ou pola utilización de certos servizos.
- Planta herbácea da familia das leguminosas con sementes alongadas, da que existen diferentes variedades comestíbeis, das que nunhas se aproveita a casula coas sementes aínda verdes e noutras só as sementes secas.

Horizontal

- Planta comestíbel, especialmente das cultivadas na horta.
- Bebida alcohólica que se obtén da fermentación do zume de uva.



Resultados Fouce 351



Axudas vixentes

Axudas Leader PEPAC 2023-2027

Aberto **até o 30 de maio** as axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader 2023-2027. Procedemento diri-

xido a Asociacións e ONG, empresas e profesionais, entidades locais (código do procedemento MR701L). Para máis información, contacto co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Propostas de actuación nos polígonos agroforestais

Aberto **até o 20 de maio** o prazo para presentar as solicitudes na convocatoria de concorrência competitiva para a selección de propostas de actuación nos polí-

gonos agroforestais de iniciativa pública (código do procedemento MR711F). Para máis información, contacto co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Axudas titularidade compartida

O pasado día 9 de maio saíron publicadas as axudas para granxas agrarias de titularidade compartida. Esta convocatoria consiste nunha axuda de até 1.500 € para pago das cotas da seguridade social no ano 2025. Para poder soli-

citala hai que estar inscrito como titularidade compartida cun mes de anterioridade a solicitude da axuda. O período de solicitudes está aberto **até o 3 de xuño**. Para máis información contacta co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Axudas ao emprendemento

Aberto **até o 30 de xuño** as axudas ao emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e pequenas e medianas empresas, incluíndo cooperativas e sociedades laborais e mutualistas, que se atopen de alta e iniciasen a súa ac-

tividade económica dende o 1 de xaneiro de 2023 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025 (código do procedemento TR880A). Máis información no teu local do SLG.

Axudas persoas agricultoras en réximes de calidade

Aberto **até o 27 de maio** o prazo das axudas á cooperación para promover a participación de agricultores en réximes de calidade no marco do Plan estraté-

xico da PAC 2023-2027 (código do procedemento MR362A). Para máis información, contacto co teu local do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

Este procedemento permite solicitar axudas a favor das persoas afectadas polos danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril, coa finalidade de compensar estes danos.

As axudas comprenden os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas que se comuniquen dende o 11 de outubro de 2024 **até o 10 de outubro de 2025** (código do procedemento MT809E).

Axudas económicas para paliar os danos producidos polo lobo

Este procedemento permite solicitar axudas a favor das persoas físicas ou xurídicas titulares de proxectos gandeiros afectadas polos ataques do lobo ás reses das súas granxas, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando. As axudas comprenden os danos producidos polo lobo que se comuniquen dende o 1 de outubro de 2024 **até o 30 de setembro** de 2025 (código do procedemento MT809B).

Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero

Están convocadas para o ano 2025 as axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Prazo aberto **até o 28 de novembro** (código de procedemento SI434B). Máis información na túa oficina do Sindicato Labrego.

Compra - Venda - Troco

Véndese

- Tractor Deutz Fahr. Agratom K 110
- Cisterna Carruxo de 8000L
- Rotativo Bonino AB-45TR
- Rotoempacadora Deutz Fahr GP-2.30 (malla e fío)
- Sulfatadora Aguirre 1EQP600
- Abonadora Vicon 1000KG
- Rastrillo Hilerador

Kuhn GA-3501-GM

- Rastrillo Esparcidor e Hilerador New Holland 254
- Rotativa Disco Class 2.60 de corte
- Desensiladora Trioliet TU170
- Ordeñadora Westfalia 6 puntos con retirada
- Rulo 2.40Mts
- Encintadora Volvo
☎ 625 180 903 (Jose Luis)

Véndese

- Muíño eléctrico
- Arados de tractor
- Fresadora
- Cultivador
- Apeiros de apicultura
☎ 677 564 691 (Mondoñedo)

Véndese

- Burra de 3 anos (Concello de Pontedeume)
☎ 628 856 440

Véndese

- Rolos de herba seca
- Autocargador Truman
- Estendedor de herba
- Arado de 6 vertederas
☎ 636 915 510 (Jose Antonio)

Véndese

- 15 bolos de herba seca en bo estado (grandes)
☎ 981 790 331 (Cesuras)

Véndese

- Cebolo de Betanzos
☎ 613 744 746 (José Manuel)

Véndese

- Rotativa 6 discos
- Rotoempacadora
- Encintadora de brazos
- Arados
- Remolque, etc
☎ 660 871 693 (José Manuel)
Zona de Monfero

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Motos DAELIM FIVE de 50 e DERBI HARRI de 50
-Autocargador EUROPA
☎618 244 883 (Suso)

Véndese

-Colleitora de cereais, Marca e modelo: John Deer 955 (Oroso)
☎627 936 604

Véndese

-Gran húmido en Big-Bags ☎671 204 500

Véndese

-Viño tinto e branco de Chantada. Años e cabritos en extensivo Razon ☎626 080 082

Véndese

-Cuba Hapy 1800 litros e 2 muxidos
-Sala de muxido traseira de 10 prazas e 8 puntos. Retirada, medición e pulsación electrónica
☎670 320 138 (Chantada)

Véndese

-Casa con finca 5000m2 na zona de Castroverde
☎648 718 864

Véndese

-Rulos de herba seca, zona de Monforte de Lemos
☎622 322 769

Véndese

-Casa de pedra con finca de 5000m2 en Cubelas Castroverde.
☎648 718 864 (Berta)

Véndese

-Cisterna Galagri de 7000l de capacidade; dous eixes
-Encintadora Gallinani de rodas
Por xubilación do titular
☎686 058 176

Véndese

-Ovellas (zonas Cabanas)
☎981 446 501

Véndese

-Arado de dos regos marca LA CASTA con volteo hidráulico de 14 pulgadas
-Segadora BCS
☎699 44 60 62 Vilamaior

Véndese

-Abonadora VICON de tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Maquinaria agrícola en bo uso
-JOHN DEERE 2850
-Grada de dentes
-Xerador de luz semi-novo
-Remolque
☎608 551 543

Véndese

-Invernadoiro multitúnel dunha nave con pantalla térmica. Ten dúas portas nos extremos e dimensións de 10 m X 60 m. Con 6 anos de antigüidade. Está practicamente novo xa que se usou para albergar un cultivo de fungos en tronco. Prezo (negociábel) En Lanzós, Vilalba (Lugo)
☎687 70 14 41
616 66 07 36

Véndese

-2,5 hectáreas de herba para segar. Bo acceso. Boa calidade. Económicas.
☎625 814 050 (Jose Manuel - Concello de Betanzos)

Véndese

-Touro raza ANGUS de 4 anos
-Segadora Marca CAMON
☎690 77 45 65 (José)

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Millo para ensilar na zona de Doroña, Vilarmaior. 3ha aproximadamente
☎660 221 250

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Cisterna seminova de 6000 L marca Romay coa ITV pasada na zona de Betanzos (Javier)
☎600 830 624

Regálase

Mastín Español de 11 meses O Val (Narón)
☎616 082 871 (Manuel)

Alúgase

-2 cuadras de novillas e fincas en Cabanas
☎981 44 65 01

Véndese

-Arado antigo de bois ou vacas en bo estado para exposición.
Prezo a concordar (zona de Meira)
☎662 471 382

Véndese

-Amasadora de pan eléctrica de aceiro inoxidable
-Forno de leña sen usar Monfero (Angélica)
☎680 277 044

Véndese

-Casa en Alto Xestoso con palleiro e terreo
☎608 895 684

Véndese

-Silo de 8000 kg
-Grade de discos de 18 discos
-Segadora rotativa class 2700
-Moto BMW 650 (Zona de Castroverde)
☎617 65 53 20

Véndese

-Enroladora, taladros e rotativa de 4 discos
☎981 44 65 01 (José María) Cabanas

Véndese

-Arado de vertedera (marca Ebro de 2 palas)
☎650 019 275

Véndese

-Desbrozadora nova 1,45m de ancho dobre embrague. 6 meses de uso. 1/2 ano de garantía.
☎604 028 980 (Jesús-Zona de Melide)

Véndese

-LAMBORGINI de 90 VC ano 2004 5100h reais de traballo
☎667 469 962

Véndese

-Motor e muxidora de aceite en bo estado
☎630 857 090 (Zona de Betanzos)

Véndese

-1 cama 90x190 Berit xeriátrica
-1 colchón 90x190 xeriátrico
-almofada 90cm
En moi bo estado co so 15 días de uso
☎659 78 28 78 (José)

Véndese

-Rolos de herba seca e/ou silos. Zona de As Nogais David)
☎600 81 96 73

Véndese

-Autocargador marca Krone Titan 4/32 L de 35 cuchillas
☎616 527 162

Véndese

-Herba seca en pacas pequenas (Guntín)
669 64 87 60

Véndese

-2 enfriadoiros ALFALA-VAL (un de 850 litros de capacidade e outro de 680 litros)
-Silo de herba
-Rotativa VICON de 4 discos
-Ovellas

Véndese

-Rolos de silo e batedor de xurro en Fontaneira
☎662 519 255 (María)

Véndese

-Arado de 3 regos marca OVERUM, disparo hidráulico
☎638 98 56 68 / 621 22 58 44 (PADERNE)

Véndese

-Tanque de frío de leite 3600L Westfalia
-Tanque de frío de leite 500L Frigolait
-Silos para penso 8000kg con SINFIN 5500KG
-Cargador picador POTTINGER EUROPROFI 3
-Segadora arrastrada con cinta POTTINGER 3.07
☎610 362 674

Véndese

Por xubilación:
-Tractor New-Holland 6080 grade rotativa
-Feraboli 3m de traballo
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores Alfa-Laval
-Tanque de frío do leite de 1000l
-Xerador de corrente de 32 cadeas para tractor (Antonio Ríos Castiñeiras, de Trazo)
☎696 818 012

Véndese

-1 silo de penso de 2000kg
☎982 31 21 09 (José)

Véndese

-Remexedor de purín con articulación hidráulica
☎678 132 156 (Vilalba)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Batedor de purín con botella de inclinación
-Tractor Renault Super 7 con documentación. En bo estado, rodas novas, dirección asistida e saída de hidráulico dobre efecto (2500€)
☎606 508 189 (Miguel, Lancara)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438 (Alejandro)

Véndese

-2 muiños eléctricos, 1 pastor eléctrico en lote de malla electrificada (9 rolos) uns usados, outros sen usar.
☎677 564 691 (Mondoñedo)

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908 (Monfero)

Véndese

-Varias fincas, agrarias e forestais en Pousada de Curantes
☎606 308 741

Véndese

-Tractor Pascual con remolque e arado Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Véndese

-Vacas de leite e becerras de recría na zona de Meira
☎680 870 957

Véndese

-Vacas de leite (por separado)
-Tanque de leite Serap de 2.550 litros con lavado automático (Monfero)
☎666 861 530

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Para realizar calquera modificación do anuncio, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical.

O pasado 11 de abril, a Xunta de Galicia fixo pública a nova normativa que regula a actividade cinexética anual en Galiza e volve a aplicar o Plan de xestión do lobo que estivo vixente até setembro de 2021, unha vez que entrou en vigor a lei estatal pola que as poboacións ao norte do río Douro saen do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial (Lesrpe). A resolución cos correspondentes cambios saíu publicada no mesmo día no Diario Oficial de Galicia.



Cambios na normativa que regula a caza do lobo

Con data do 16 de abril de 2024, publicouse no DOG núm. 75 a Resolución do 27 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2024/25. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 13, en relación aos danos producidos pola caza; e engádese no punto 2 a letra d) *Lobo (Canis lupus): por danos constatados desta especie, poderanse autorizar esperas, batidas e monterías durante todo o ano, salvo nos meses de abril, maio e xuño, en que unicamente se poderán autorizar esperas* (os códigos arredor do procedemento administrativo son MT720K e MT720L).

Cambios na normativa

A caza do lobo vai seguir estando prohibida, con carácter xeral, pero os cambios introducidos na resolución pola que se determinan as épocas hábiles para practicar a actividade cinexética na tempada 2024-2025 supoñen incluílo na relación de especies sobre as que se poden adoptar medidas de control fronte aos danos recorrentes sobre a gandería coa debida xustificación.

Deste xeito, pasan a ser autorizábeis accións como as esperas, batidas ou monterías durante todo o ano salvo en abril, maio e xuño -nos que só estarán permitidas as esperas- sempre que se xustifiquen con-



venientemente eses danos recorrentes aos proxectos gandeiros que poñan en risco a súa viabilidade.

Pasan a ser autorizábeis accións como as esperas, batidas ou monterías durante todo o ano salvo en abril, maio e xuño

“Os cambios que se inclúen é autorizar batidas onde haxa danos, pero todo iso é moi susceptible”, comenta o gandeiro e responsábel do Sector do Leite

no Sindicato Labrego, Manolo Villaverde, que ten investigado moito sobre o animal.

“Se nun sitio hai un par de ataques do lobo e resulta que en toda a comarca hai unha poboación de catro lobos, non é matar eses catro lobos, igual o que hai que facer é indemnizar á xente que ten eses ataques”, sinala.

“E ao contrario, se hai unha comarca onde a poboación do lobo é de corenta ou sesenta, aí si que hai que facer un control de poboación. Unha manada de quince lobos pode facer moito dano. Toda a normativa está moi ben pero a frase clave sempre é que toda a normativa que veña a botar unha man está moi

ben, pero faltan as ferramentas para poder aplicar ben a normativa e o control, porque se Medio Ambiente non é capaz de dicirnos a poboación que hai en cada zona, se despois vai ser *barra libre*, hai un ataque e facemos unha batida...”, insiste Villaverde.

Nese contexto, o responsábel do Sector do Leite no SLG lembra o que aconteceu nunha zona de Galiza hai un anos: “Hai uns anos deran autorización para facer unha batida e o que apareceron cazados eran dous cans, parecían lobos pero eran cans”. Dende o SLG reiteramos, ante esta nova normativa, que precisamos ter un control lóxico do lobo e tamén das batidas.